

I N F O R M E

MEDIDAS E ACTUACIÓNS
PARA O DESENVOLVEMENTO
E CREACIÓN DE
emprego
EN GALICIA

APROBADO POLO PLENO O 12 DE XANEIRO DE 1998

Informe sobre

“Medidas e actuacións para o desenvolvemento e creación de emprego en Galicia”.

ANTECEDENTES	5
1.- DESCRICIÓN XERAL DO MERCADO DE TRABALLO EN GALICIA	7
1.1.- O problema do emprego.	9
1.2.- O mercado de traballo en Galicia.	13
1.3.- Proxección de emprego en Galicia.	29
1.4.- Evolución do PIB galego.	35
1.5.- A presión fiscal en España.	39
1.6.- O gasto da administración autonómica en política de emprego.	43
2.- EIXES E PROPOSTAS ESTRATÉXICAS PARA O DESENVOLVEMENTO E CREACIÓN DE EMPREGO EN GALICIA.	49
2.1.- Crecemento para o emprego.	51
2.2.- Desenvolvemento industrial e sectorial.	55
2.3.- Infraestruturas.	59
2.4.- Reforma administrativa para o emprego.	65
2.5.- Novos empregos. Iniciativas locais para o emprego.	67
2.6.- Incentivación ó emprego. Creación de empresas, cultura empresarial e de emprendedores.	71
2.7.- Emprego xuvenil.	75
2.8.- Emprego rural.	79
2.9.- Formación.	81
2.10.- Intermediación.	85
2.11.- Organización do traballo.	87
2.12.- Autoemprego e economía social.	89
2.13.- Políticas positivas polo emprego. Colectivos especiais.	93
2.14.- A estabilidade no emprego.	97
2.15.- Fiscalidade e Seguridade Social.	101

Antecedentes

**De conformidade coas competencias atribuídas
ó Consello Económico e Social de Galicia
pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise
pola Comisión Sectorial nº 1,
Economía, emprego e desenvolvemento territorial,
e do acordo co procedemento previsto no
Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na
súa sesión do 12 de xaneiro de 1998, acorda emitir,
a solicitude da Xunta de Galicia, o seguinte informe:**

MEDIDAS E ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO E CREACIÓN DE **emprego** EN GALICIA

XÉNESE DO INFORME

Entre as funcións que a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, atribúe ó mesmo está a de elaborar informes a solicitude do Consello da Xunta de Galicia ou de calquera dos seus membros, en particular sobre materias de especial transcendencia económica o social.

No ámbito desta previsión normativa, o CES recibiu da Consellería de Economía e Facenda da

Xunta de Galicia a solicitude de elaboración dun informe sobre unhas das principais preocupacións socioeconómicas: o problema do desemprego e as medidas para a creación de emprego. A dita solicitude tivo entrada no CES con data 21 de abril de 1997.

O Pleno do CES, na súa sesión 4/97, celebrada o 29 de maio de 1997, aprobou por unanimidade a elaboración dun informe a solicitude do conselleiro de Economía e Facenda sobre “Medidas e actuacións para o desenvolvemento e creación de

emprego en Galicia” e encargou os traballos de redacción dese informe á Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente por razón de materia.

OBXECTO DO INFORME

O informe sobre “Medidas e actuacións para o desenvolvemento e creación de emprego en Galicia” ten por obxecto ser un documento para plantexar coherentemente, dende a forza social do CES, algunhas consideracións sobre o desenvolvemento e a creación de emprego en Galicia a ter en conta nas políticas orzamentarias da lexislatura que agora arranca.

METODOLOXÍA E ALCANCE DO INFORME

O informe xurde da colaboración continua entre os asesores externos cos axentes sociais membros da Comisión Sectorial nº 1 do CES e os seus colaboradores co seguinte alcance:

1.- Descrición xeral do mercado de traballo en Galicia.

Enfoque completo de tódalas políticas, non só das políticas de emprego, considerando o emprego como “centralidade” do informe.

Cuantificación e seguemento das variables fundamentais.

Proxección das variables básicas.

2.- Eixes e propostas estratéxicas para o desenvolvemento e creación de emprego en Galicia.

Deberán defini-las liñas xerais das ditas propostas, sen entrar no detalle das mesmas, que corresponderá a unha fase posterior de negociación.

1.- Descrición xeral do mercado de traballo en Galicia

- 1.1.-** O problema do emprego.
- 1.2.-** O mercado de traballo en Galicia.
- 1.3.-** Proxección das variables básicas do mercado de traballo.
- 1.4.-** Evolución do PIB en Galicia.
- 1.5.-** A presión fiscal en España.
- 1.6.-** O gasto da administración autonómica en política de emprego.

1.1.- O problema do emprego

O problema do emprego converteuse nos últimos meses no principal desafío da Unión Europea. Preocupada ata agora pola converxencia nominal para levar a bo porto a implantación da moeda única e a entrada na terceira fase da Unión Económica e Monetaria, a converxencia real dos países comunitarios quedaba en lugar secundario e, en consecuencia, pouco se facía de forma coordinada para atallar o desemprego, un mal endémico en Europa pero, sobre todo, en España. O Informe Delors, publicado no ano 1993, xa suxería a elaboración de plans de emprego que se adaptasen ás condicións económicas e peculiaridades de cada rexión.

Aínda así, e a pesar da vontade das administracións, as cifras oficiais do pasado mes de xullo amosaban unha taxa de paro na UE do 10,6%, porcentaxe moi alonxada da alcanzada nos EE.UU. (4,9%) e no Xapón (3,4%). No Cumio de Dublín, celebrado no mes de decembro do pasado ano, quedou reflectida esta grande inquietude, ante a constatación de que as políticas macroeconómicas artelladas nos últimos anos non proporcionaban garantías dunha diminución sistemática na taxa de desemprego. É dicir, o novo marco macroeconómico máis estable non asegura un crecemento estable do emprego mentres non se corrixa as deficiencias existentes nos mercados laborais. As consideracións aprobadas no Cumio de Dublín son

especialmente importantes xa que ó fin o emprego é considerado coma unha cuestión común e non coma un problema interno dos diversos países.

O Consello Europeo sintoniza coas recomendacións da Comisión ante o feito de que case 18 millóns de europeos están sen traballo. Este problema adquire dimensións alarmantes cando non só España non consegue reducir a taxa de paro, que se mantén en cifras próximas ó 20%, senón que ésta se dispara en países tan emblemáticos como Francia e Alemaña, que alcanzan, no mes de xullo pasado, unha taxa do 12,6% e do 9,7%, respectivamente.

A Comisión Europea, ó tentar establecer un Pacto de Confianza, recoñece que non existen solucións milagrosas para o problema do desemprego, do que, sen embargo, os cidadáns esperan resultados. O obxectivo é conquistar un modelo de desenvolvemento no que se compatibilice a converxencia monetaria e o novo entorno europeo cun nivel de emprego adecuado. Insta, así, á execucións de accións colectivas nas que participen as autoridades públicas e os interlocutores sociais nas que cadaquén defina os seus compromisos respectivos no marco dunha estratexia global e coordinada. Esta estratexia global aséntase na creencia, discutible, de que as políticas comúns para o acceso á moeda única, xunto coa actual conxuntura econó-

mica mundial, favorecen o proceso de creación de emprego. Non basta a evolución positiva de variables macroeconómicas clave como prezos, tipo de xuro, etc., que activan o consumo e o investimento privado, senón que teñen que complementarse cunha serie de actuacións que xiran en torno os seguintes puntos:

- Potenciación do mercado interior favorecendo a acción das pemes, auténticas creadoras de emprego.

- Creación dun marco común no que se incardinan as reformas estruturais do mercado de traballo que xa o Consello de Essen (decembro de 1994) plasmou nas coñecidas cinco accións prioritarias:

- 1) Fomento dos investimentos en formación profesional.
- 2) Organización máis flexible do traballo.
- 3) Redución dos custos salariais indirectos.
- 4) Mellora da eficacia dos mercados de traballo.
- 5) Reforzamento das medidas a favor dos grupos máis afectados polo desemprego.

- Como colofón, propón poñer os fondos estruturais ó servizo da creación de emprego, e neste contexto suxire a realización de pactos territoriais para que, coa mobilización adecuada dos axentes públicos e privados á escala territorial, xurdan tanto ideas innovadoras como a reforma do sistema de emprego.

Os pasados días 20 e 21 de novembro reuníronse en Luxemburgo os xefes de Estado e de Goberno dos 15 estados membros da U.E. para tentar encontrar fórmulas que permitan ofrecer máis e mellores postos de traballo. Na reunión tiñan previsto abordar tres cuestións: o grao de compromiso dos Estados membros nesta materia, o estudo das medidas concretas que no ámbito do emprego funcionen e as que non son eficaces para progresar xuntos neste senso e debater medidas para accións futuras a partir das orientacións sobre política de emprego, co compromiso da súa consecución por parte dos Estados membros a través de accións individuais e concertadas.

Estes debates baseáronse sobre catro documen-

tos: as orientacións sobre política de emprego, que introducen obxectivos de emprego e definen catro prioridades estratéxicas principais; o Informe de 1997 sobre Emprego, que acordan a Comisión Europea e o Consello e o Informe sobre a evolución das políticas comunitarias en apoio das medidas en favor do emprego dos Estados membros, tales como as accións emprendidas para reforzar as pequenas e medianas empresas e as axudas do Banco Europeo de Inversiones.

As conclusións da Presidencia do Consello Extraordinario de Luxemburgo seguen a liña trazada polos anteriores documentos. Así, instase ós Estados a continuar desenvolvendo unha política macroeconómica coordinada sustentada nun mercado interior eficaz. En segundo lugar, preténdese unha mobilización máis sistemática e voluntaria que no pasado do conxunto de políticas comunitarias ó servizo do emprego. En terceiro lugar, píde-se unha mobilización de tódolos axentes implicados (Estados, rexións, interlocutores sociais, institucións comunitarias) para trocar o curso das cousas. Inicialmente o Consello Europeo aporta dúas iniciativas concretas: 1) Un plan de acción do Banco Europeo de Investimentos. 2) Apertura dunha nova liña orzamentaria dedicada ás pemes para crear emprego duradero.

No referente á estratexia coordinada para as políticas nacionais de emprego definíranse unhas directrices que fixaran un obxectivo concreto, sendo supervisados de forma periódica os seus resultados. Así os Estados membros terán que remitir cada ano ó Consello e a Comisión o seu plan de acción nacional para o emprego, xunto a un informe sobre as condicións do seu desenvolvemento. Compre subliñar que os interlocutores sociais, en calquera nivel, participaran en tódalas etapas deste proceso.

As directrices aprobadas para o ano 1998 inciden en catro aspectos:

- 1.- Mellora-la capacidade de inserción profesional.
- 2.- Desenvolvemento do espírito de empresa.
- 3.- Fomenta-la capacidade de adaptación dos traballadores e das empresas.
- 4.- Reforza-la política de igualdade de oportunidades.

O problema do desemprego e a súa perpetuación xeran enormes custos a persoa e a sociedade. O máis facilmente cuantificable é o custo económico que se xerará por dúas vías: o custo da protección por desemprego, dos subsidios e prestacións para persoas paradas e, por outra banda, o custo da non utilización dun recurso como é a forza de traballo.

No ano 1996, o número medio de persoas beneficiarias en Galicia por prestacións por desemprego foi de 80.000, das que 36.000 percibían a prestación básica e 44.000 o subsidio de desemprego. En canto o coste de non utilizar unha potencial forza de traballo a súa cuantificación é máis complexa. Cómpre indicar, a título meramente indicativo, que se en promedio o valor engadido bruto por persoa ocupada non agraria en Galicia no ano 1996 foi de 4,5 millóns de pesetas (segundo o Instituto Galego de Estatística) de contratarse a 200.000 persoas máis o VEB galego incrementaríase en 900.000 millóns de pesetas, cifra que debe tomarse con moita precaución xa que, como se sabe, unha boa parte do VEB xérase no sector enerxético e non é previsible que no curto prazo se produza nesta actividade un significativo crecemento no emprego.

Ante as singularidades do mercado de traballo español son especialmente relevantes as accións que se apliquen, e neste mercado, o galego, ten unha problemática específica. Teremos oportunidade nas próximas páxinas de comentalas características básicas deste último mercado, pero se ha de subliñar que tanto os factores estruturais do mercado de traballo como os factores cíclicos ou de demanda inadecuada son os que explican a existencia dun alto desemprego. Por tanto, sen renunciar as políticas que incentiven un maior éxito no mercado dos bens e servizos galegos, téñense que corrixir os factores estruturais que impiden un bo funcionamento do mercado de traballo.

No marco estatal, a Administración Central acaba de presentar recentemente o Programa Plurianual de Emprego no que, seguindo as accións marcadas no Consello de Essen, esboza programáticamente o que o Goberno fixo e o que pensa facer no futuro inmediato. No punto relativo a mellora da efi-

cacia dos mercados de traballo incide o citado Programa no éxito dos acordos alcanzados polos interlocutores sociais (Acordo Interconfederal para a Estabilidade do Emprego e Acordo Interconfederal sobre Negociación Colectiva e Acordo sobre Cobertura de Vacíos). Tanto os puntos programáticos da UE como as liñas de actuacións da Administración Central teñen que servir como marco de referencia das actuacións específicas que se leven a cabo no mercado de traballo galego.

Neste proceso de fixación das liñas de potenciación do mercado de traballo o Cumio de Luxemburgo incidía na necesidade de que os plans de acción deben respetar o principio da subsidiariedade e as competencias dos Estados membros, incluídas as das súas entidades rexionais, en materia de emprego.

Recollendo estas recomendacións e as que xa procedían do Cumio de Dublín sobre a necesidade da obtención de pactos territoriais que tenten reducir a taxa de paro, e en consonancia co que está a suceder noutras Comunidades do Estado, o Consello Económico e Social de Galicia non pode permanecer á marxe do principal problema económico e social que afecta á nosa autonomía é ten que tentar propiciar a consecución dun pacto entre os interlocutores sociais, e entre éstos e a Administración, co fin de buscar unha solución axeitada ós principais estrangulamentos que hoxe presenta o mercado de traballo galego.

Este Pacto polo Emprego, na súa vertiente de accións específicas orientadas cara ó funcionamento do mercado de traballo, ten que ser necesariamente completado co impulso, por parte da Administración Autonómica, de estratexias conducentes ó desenvolvemento dun segmento de actividades nas que Galicia demostra ter un maior dinamismo, sen esquecer as accións de mellora do noso entorno. Este desenvolvemento da base productiva terá que contrarrestar a caída do emprego en actividades moi tradicionais, que precisan dunha modernización.

As accións que se han de realizar sobre o mercado de traballo esixen non só un coñecemento da

súa evolución nos últimos anos, senón tamén unha interpretación dos seus máis importantes problemas e unha estimación sobre a expectativa de creación de emprego nos vindeiros catro anos. Este diagnóstico e as proxeccións que de el resulten servirá de base para o desenvolvemento dos eixes estratéxicos de actuación sobre o mercado de traballo. Estes eixes esixirán unha reforma administrativa e unha coordinación coas restantes políticas económicas da Administración Autonómica.

1.2.- O mercado de traballo en Galicia

a continuación, realizarase unha somera análise sobre o mercado de traballo, no que se utilizan os últimos datos dispoñibles sobre poboación activa, ocupada e parada, e, tamén, a evolución destes nos últimos 15 anos. Para o estudo da situación da poboación se toma como referencia a EPA (Enquisa de Poboación Activa) e para a adecuación entre as demandas e as ofertas de emprego se toman os datos do INEM, así como, lóxicamente, para análise do paro rexistrado.

TAXA DE ACTIVIDADE

A evolución da taxa de actividade nas últimas dúas décadas amosa unha cada vez menor participación da poboación de 16 anos ou máis na vida activa. Observamos que no período transcorrido entre 1981 e 1995 esta taxa descendeu case cinco puntos porcentuais. A tendencia pareceu romperse no 1996, no que houbo un tímido repunte desta taxa, máis volveu diminuír no primeiro semestre do 1997. Coómpre así supoñer unha estabilización da mesma en torno o 49%.

Por idades, foi a franxa dentre 25 e 54 anos a que máis incrementou a súa taxa de actividade, motivada principalmente pola incorporación da muller ó mundo laboral. Así vemos que, mentres en 1981 tan so un escaso 47% das mulleres con ida-

des comprendidas neste intervalo estaban en activo, a finais de 1995 esta cifra ascendía xa a case o 63% das mesmas (porcentaxe que parece manterse para o ano 1997). O intervalo de 16 a 19 anos foi onde se produciu un maior descenso, debido ós cada vez máis longos períodos de formación nos que se integran os xoves.

O retraso na integración na vida activa, neste tramo de idade, foi máis pronunciado entre os homes que entre as mulleres, pasando, os homes, dun 51,8% en 1981 a algo menos do 20% no 1995, sendo a evolución para as mulleres dun 33% a un 15%. Esta tendencia parece estarse a corrixir nos últimos meses, especialmente nos homes, nos que durante o 1996 e primeiro semestre do 1997 a taxa aumentou en 4,5 puntos. Nas mulleres, e pese ó repunte experimentado ó longo de 1996, a taxa de actividade está por baixo do 14%, o que podería xustifica-la maior presenza destas en universidades e centros de estudos superiores. No grupo dentre 20 e 24 anos as mulleres incrementaron modestamente a súa taxa de actividade dentro dos quince anos considerados, mentres que a dos homes descendeu en sete puntos porcentuais, aínda que tamén se observa aquí un cambio de tendencia no último ano e medio. A poboación activa de máis de 55 anos tamén descendeu entre 1981 e 1995 como consecuencia da anticipación das idades de xubilación, o que tanto en homes

Taxas de actividade por sexo e grupos de idade

	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987*	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997**
HOMES																	
De 16 a 19 anos	51,8	51,5	52,0	47,5	46,3	42,1	35,2	30,3	30,9	29,4	28,3	29,0	26,0	23,3	19,8	23,9	24,3
De 20 a 24 anos	63,6	63,1	66,1	65,2	68,1	67,2	68,6	68,8	71,5	68,9	67,7	65,6	62,1	60,8	56,5	57,2	58,6
De 25 a 54 anos	94,2	94,3	94,2	94,6	94,5	94,3	93,0	93,3	93,3	93,4	92,9	91,9	92,1	91,9	91,3	90,7	90,6
De 55 e máis anos	45,8	45,6	43,8	43,1	41,9	39,3	35,5	35,1	36,9	35,0	33,0	32,6	31,5	29,3	28,2	27,2	25,2
TOTAL	71,9	71,5	71,5	70,7	70,1	68,3	66,5	66,1	66,8	65,4	64,4	63,4	62,4	61,2	59,7	59,9	58,9
MULLERES																	
De 16 a 19 anos	33,1	33,7	34,1	31,5	32,1	29,8	27,5	28,0	23,0	22,7	20,3	20,5	16,2	13,1	15,0	15,8	13,9
De 20 a 24 anos	47,8	47,2	51,1	54,2	52,2	50,4	51,4	53,6	55,8	51,9	49,0	49,0	44,0	47,7	48,2	46,0	46,9
De 25 a 54 anos	46,9	48,7	52,4	53,5	52,6	52,6	55,3	55,9	55,1	56,7	57,4	60,3	61,0	61,8	62,7	61,6	62,6
De 55 e máis anos	25,8	26,2	28,0	25,6	27,0	24,6	23,3	25,1	23,5	22,1	20,2	19,4	20,3	18,3	17,0	16,8	15,0
TOTAL	37,8	38,9	41,6	41,0	41,0	39,7	40,4	41,6	40,1	39,7	38,8	39,7	39,5	39,1	38,9	38,7	38,7
AMBOLOS DOUS SEXOS																	
De 16 a 19 anos	42,4	42,6	43,5	39,9	39,4	36,3	31,7	29,2	27,0	26,2	24,2	24,7	21,3	18,2	17,4	20,0	19,3
De 20 a 24 anos	56,2	55,6	59,0	60,0	60,5	59,2	60,4	61,2	63,7	60,8	58,5	57,2	53,0	54,0	52,4	51,8	52,7
De 25 a 54 anos	69,5	70,6	72,9	73,7	73,0	72,7	73,9	74,3	73,9	74,8	75,0	76,0	76,5	76,8	77,0	76,2	76,4
De 55 e máis anos	34,1	34,4	34,6	33,0	33,3	30,9	28,5	29,4	29,3	27,6	25,8	25,2	25,2	23,1	21,8	21,4	19,5
TOTAL	53,5	54,2	55,7	55,0	54,8	53,1	52,8	53,1	52,7	51,8	50,9	50,9	50,5	49,6	48,7	48,9	48,4

Medias anuais. Porcentaxes.

* Debido ó cambio metodolóxico que sufriu a E.P.A. no segundo trimestre de 1.987, as medias correspondentes a este ano calculáronse cos tres últimos trimestres.

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

como en mulleres fixo reducir de forma importante a súa taxa de actividade. Esta tendencia mantense nos últimos anos.

Conclúese pois que a redución da taxa de actividade debíuse a unha menor participación da poboación masculina na vida activa, que pasou dun 72% a un 59%, e a un pequeno incremento da participación da muller, que incrementou ata 1995 a súa taxa en algo máis dun punto, diminuída ésta nun par de décimas no último ano e medio. A cada vez máis tardía incorporación da xuventude ó mundo laboral e a saída dos individuos de maior idade reduciron o volume de poboación activa, provocando a redución da taxa.

Conforme ó nivel de estudos acadado, a taxa de actividade resulta ser maior canto máis elevado é o grao de formación, situándose para os analfabetos nun 7,6% e nun 87,2% para os titulados superiores. Entre os homes con estudos non superiores esta taxa non varía significativamente para os diferentes niveis de cualificación, aínda que a tendencia parece amosar unha menor taxa de actividade entre aqueles que so posúen estudos primarios. Deste xeito, a taxa para os homes con

estudios non superiores ronda o 65%, vinte puntos por baixo da que acadan os titulados superiores. Para os homes sen estudos e analfabetos, os valores se reducen ata o 27% e o 11%, respectivamente, observándose unha sensible minoración na taxa de actividade destes colectivos nos últimos anos. Por tanto, conforme se incrementa o nivel educativo da poboación a taxa de actividade tamén se incrementa.

As mulleres que posúen titulacións universitarias acadan taxas similares ou superiores ás dos homes. En xeral, e para os últimos anos, parece observarse que a taxa de actividade está véndose minorada naqueles estratos cunha formación escolar inferior.

POBOACIÓN OCUPADA

Nos tres primeiros anos da década dos oitenta deuse un claro proceso de creación de emprego que fixo incrementa-la poboación ocupada en Galicia en case 13.000 persoas, dándose para o trienio seguinte un cambio de tendencia no que se perderon, ata finais de 1986, 65.000 empregos. No trienio 87-89 volveuse dar un período de recupera-

Taxas de actividade por sexo e nivel de estudos terminados

	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*
AMBOLOS DOUS SEXOS										
Analfabetos**		19,3	13,6	12,0	15,2	16,3	12,9	10,6	9,0	7,6
Sen estudos	37,6	43,0	40,8	36,4	33,9	35,0	29,9	26,8	25,3	22,3
Primarios	58,6	57,7	56,4	55,2	55,5	55,1	53,8	53,2	50,4	48,6
Medios	57,1	58,5	58,3	58,7	60,0	57,5	57,5	57,1	59,2	59,5
Nivel anterior ó superior	66,3	64,2	66,1	63,6	61,1	64,4	66,9	67,7	64,2	65,3
Superiores	85,2	81,9	82,4	80,6	79,2	78,7	79,7	81,1	80,6	87,2
TOTAL	53,1	52,7	51,8	50,9	50,9	50,5	49,6	48,7	48,9	48,4
HOMES										
Analfabetos**		21,1	15,5	15,1	20,0	20,8	15,4	15,0	14,1	11,1
Sen estudos	43,6	51,2	46,1	41,1	40,3	40,1	34,6	31,5	31,9	27,0
Primarios	75,6	75,2	73,8	72,4	71,1	71,2	67,7	66,8	64,0	61,8
Medios	66,7	69,2	69,1	69,2	69,7	66,9	67,5	66,3	67,7	67,8
Nivel anterior ó superior	71,5	65,2	66,9	68,5	65,1	68,3	71,2	65,7	62,8	67,7
Superiores	86,5	83,6	85,2	85,2	80,7	78,5	81,7	81,2	80,7	85,6
TOTAL	66,1	66,8	65,4	64,4	63,4	62,4	61,2	59,7	59,9	58,9
MULLERES										
Analfabetos**		18,7	13,0	11,0	13,6	15,0	12,2	9,2	7,2	6,5
Sen estudos	33,8	37,1	37,1	33,0	29,1	31,1	26,5	23,7	20,9	19,1
Primarios	41,9	39,9	39,4	38,4	40,0	39,2	39,9	39,6	36,7	35,6
Medios	46,7	47,0	45,8	47,1	49,6	46,9	46,8	47,6	49,8	50,4
Nivel anterior ó superior	62,3	63,4	65,5	60,1	58,4	61,9	64,1	69,1	65,1	63,8
Superiores	82,9	78,8	77,8	73,4	77,1	79,0	77,2	80,9	80,5	89,2
TOTAL	41,6	40,1	39,7	38,8	39,7	39,5	39,1	38,9	38,7	38,7

Medias anuais. Porcentaxes.

* Datos do segundo trimestre de 1.997.

** No ano 1988 "Analfabetos" e "Sen estudos" aparecían xuntos.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

ción, chegándose a unha cifra de 1.043,6 miles de ocupados, seguido dun proceso de destrución sistemática do emprego que parece continuarse na actualidade. Os datos para o segundo trimestre do 1997 reflicten unha poboación ocupada de algo máis de 900.000 persoas, repartida entre homes e mulleres nunha proporción do 61% e 39%, respectivamente. Esta proporción mantense practicamente igual en tódolos grupos de idades, sendo no intervalo 16-19 onde a proporción de mulleres ocupadas é aínda inferior.

A poboación de máis de 55 anos foi a que tivo maior peso nesta redución de 157.000 persoas ocupadas que se produciu en Galicia dende 1981, seguida da dentre 16 e 19 anos, representando entrámbalas dúas o 83% desta minoración.

En canto á estrutura da poboación ocupada, destaca a elevada proporción de traballadores con idades superiores ós 55 anos, que aínda que se

está a reducir ano tras ano, representaba, para o segundo semestre do 1997, o 17,5% da poboación ocupada. Por outra banda, os menores de 25 anos non supoñían máis que o 10% da mesma, o que nos dá idea da pouca capacidade do sistema para incorporar novos empregados.

Este descenso na poboación ocupada veu principalmente motivado pola espectacular redución no sector primario, que perdeu, dende 1981, máis de 247.000 postos de traballo. Esta reestructuración laboral do sector primario, que aínda recolle a máis dun 22% da poboación ocupada, non parece que rematara. Foi o sector servizos o único que, entre 1981 e 1997, tivo un aumento da poboación ocupada, coa creación de 116.000 novos postos de traballo.

A recuperación do sector industrial parece rompe-la racha que no bienio 93-94 levara á desaparición de case que 30.000 traballos, e se situaba

Poboación ocupada por sexo e grupos de idade

	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987*	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997**
HOMES																	
De 16 a 19 anos	37,0	33,4	34,5	32,4	32,2	27,5	23,6	22,8	23,8	24,3	21,3	18,8	17,3	14,5	12,3	15,4	14,2
De 20 a 24 anos	52,8	54,0	53,6	43,1	47,0	47,9	56,7	52,4	57,3	55,2	55,7	51,3	44,3	36,9	44,0	43,2	47,3
De 25 a 54 anos	425,0	422,8	419,8	422,0	408,4	401,3	421,7	430,0	433,1	427,6	429,0	409,9	403,1	399,8	398,6	405,6	400,7
De 55 e máis anos	137,1	141,0	134,1	134,0	131,1	125,4	115,1	114,4	124,2	119,7	116,6	114,3	109,0	100,5	97,3	92,8	88,1
TOTAL	651,9	651,3	642,0	631,5	618,6	602,2	617,1	619,6	638,3	626,7	622,6	594,3	573,8	551,6	552,2	557,2	550,3
MULLERES																	
De 16 a 19 anos	22,1	22,0	19,0	17,6	19,6	16,0	14,7	17,7	13,4	13,9	12,5	10,4	8,3	6,7	8,2	6,7	6,0
De 20 a 24 anos	36,5	35,2	35,8	34,5	32,0	31,1	32,2	34,5	34,9	31,3	32,1	32,7	25,9	26,5	28,1	26,6	27,9
De 25 a 54 anos	235,9	242,2	253,5	252,4	247,6	246,9	255,5	256,7	247,5	252,1	250,3	246,0	244,4	244,1	248,3	242,6	247,5
De 55 e máis anos	111,3	111,7	120,3	113,7	118,7	109,9	106,0	113,1	109,5	105,4	95,3	91,0	96,1	87,3	81,4	77,8	69,0
TOTAL	405,8	411,1	428,5	418,2	417,9	403,9	408,6	422,1	405,2	402,6	390,3	380,1	374,6	364,7	365,9	353,7	350,4
AMBOLOS DOUS SEXOS																	
De 16 a 19 anos	59,0	55,4	53,5	50,0	51,7	43,5	38,4	40,5	37,2	38,1	33,8	29,2	25,7	21,2	20,5	22,1	20,1
De 20 a 24 anos	89,4	89,2	89,4	77,6	79,0	79,1	88,9	87,0	92,1	86,5	87,9	84,0	70,2	63,3	72,1	69,9	75,2
De 25 a 54 anos	660,9	665,0	673,2	674,5	655,9	648,2	677,2	686,7	680,6	679,7	679,3	655,9	647,5	643,9	646,8	648,2	648,3
De 55 e máis anos	248,4	252,7	254,3	247,6	249,8	235,4	221,1	227,6	233,7	225,1	211,9	205,3	205,0	187,9	178,7	170,6	157,1
TOTAL	1.057,7	1.062,3	1.070,4	1.049,7	1.036,5	1.006,1	1.025,7	1.041,7	1.043,6	1.029,3	1.012,9	974,4	948,5	916,2	918,1	910,9	900,7

Medias anuais. Miles de persoas.

* Debido ó cambio metodolóxico que sufriu a E.P.A. no segundo trimestre de 1987, as medias correspondentes a este ano calculáronse cos tres últimos trimestres.

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

nos 154.700 ocupados no segundo semestre do 1997 (6.000 menos que no 1992). A construción, pola súa banda, está nun proceso de xeración de emprego dende a crise sufrida no 1993, aínda que tampouco alcanza a recupera-los niveis de emprego anteriores á mesma.

Por provincias, son A Coruña e Pontevedra as que recollen o 70% da poboación ocupada en Galicia, sendo a primeira a única que viu incrementado-los seus valores gracias á maior concentración do sector servicios nesta provincia.

Unha análise máis desgregada amosa unha perda de poboación ocupada do sector agrario e a redución a case a metade dos empregos no sector pesqueiro, só nos últimos catro anos. Dentro do sector industrial cabe destaca-lo incremento de ocupación no apartado enerxético. O textil e a fabricación de material de transporte, que se sitúan como uns dos sectores máis intensivos en traballo, parecen levar nos últimos anos unha evolución positiva en canto ó nivel de ocupación que demandan. Asemade é positiva a creación de emprego na industria da madeira, que para o segundo semestre do 1997 contaba con 11.700 ocupados. En xeral, e pese a recesión sufrida en 1994, a evolución recente en canto á poboación ocupada do conxunto de actividades industriais amosa un incremento no emprego, resultando se-la industria

do papel a única que diminuíu o seu número de traballadores entre 1996 e 1997. Sobre os servicios, obsérvase como a poboación ocupada nas administracións públicas, así como na sanidade, incrementaron os seus efectivos nos últimos dous anos. Educación, tralo incremento que se produciu en 1995, parece manterse estable. Hostelería tivo un descenso na poboación ocupada que parece manterse no segundo trimestre do 1997, e o comercio por xunto e polo miúdo, a pesar das súas dificultades, parece recuperarse aínda sen chegar ós niveis acadados en 1994.

As cualificacións na poboación ocupada están a experimentar un cambio de composición nos últimos anos, de xeito que se observa unha minoración progresiva dentro daquel persoal sen cualificación (analfabetos ou sen estudos) e un incremento do persoal máis altamente cualificado. A proporción existente entre os traballadores con estudos primarios e medios tense equilibrado, diminuíndo o número daqueles con estudos primarios en favor daqueles con estudos medios, o que leva a pensar nunha maior cualificación e adaptación técnica dos traballadores.

O nivel de alfabetización dentro da poboación ocupada masculina é maior que o que se rexistra na feminina, aínda que esta diminúe a un ritmo maior. No grupo de titulados superiores, medios e

Poboación ocupada por sectores

	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987*	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997**
A CORUÑA																	
Agricultura e pesca	86,5	107,6	137,9	139,5	142,8	142,6	123,6	114,5	102,9	88,5	91,6	86,4	82,6	76,8	75,0	67,6	58,9
Industria	72,8	68,4	71,8	66,4	63,1	58,4	53,5	53,3	53,8	55,4	60,6	56,6	52,5	48,0	52,7	56,6	63,3
Construcción	43,7	42,2	30,6	22,8	23,8	21,1	27,5	32,8	34,7	38,8	37,6	36,2	35,2	32,8	38,8	43,4	41,6
Servicios	146,8	154,0	150,5	149,3	146,6	157,0	173,0	172,2	175,6	191,5	193,8	185,4	173,4	172,7	171,7	185,1	195,0
TOTAL	349,8	372,1	390,9	377,9	376,3	379,1	377,6	372,7	367,0	374,1	383,6	364,5	343,6	330,3	338,2	352,8	358,7
LUGO																	
Agricultura e pesca	104,9	110,4	113,5	111,4	108,0	96,1	96,6	102,0	95,9	81,4	64,9	64,1	68,9	65,5	65,4	71,2	66,7
Industria	18,3	16,0	13,0	16,0	18,0	17,3	17,7	14,8	15,9	15,5	16,4	17,8	15,4	13,1	11,9	11,6	11,2
Construcción	8,6	7,3	7,2	9,2	8,3	8,8	9,7	10,0	9,7	12,5	15,5	13,6	12,0	10,2	9,0	8,6	10,8
Servicios	42,2	39,5	42,2	39,7	41,1	43,5	45,3	47,3	49,7	50,5	51,6	55,8	57,2	60,8	58,6	52,7	52,5
TOTAL	174,0	173,3	175,9	176,2	175,4	165,7	169,2	174,1	171,2	159,9	148,5	151,3	153,4	149,7	144,8	144,3	141,2
OURENSE																	
Agricultura e pesca	108,7	103,0	98,4	105,9	99,7	82,0	80,6	85,4	92,9	89,6	71,7	59,8	55,2	48,5	52,8	32,5	21,3
Industria	17,4	16,8	17,8	18,6	17,8	16,8	17,9	19,0	19,4	17,6	20,1	20,6	17,4	16,5	17,5	17,2	22,4
Construcción	17,1	15,8	15,4	14,7	13,6	12,1	15,6	16,8	17,0	12,6	14,5	16,1	15,2	16,3	14,9	13,3	13,3
Servicios	41,2	40,8	40,7	39,9	42,6	49,5	51,1	50,5	50,7	58,6	58,0	49,8	56,5	53,0	51,2	59,4	57,4
TOTAL	184,4	176,3	172,4	179,2	173,7	160,4	165,2	171,7	180,0	178,4	164,2	146,3	144,3	134,3	136,4	122,5	114,3
PONTEVEDRA																	
Agricultura e pesca	145,5	138,2	130,2	128,6	123,9	108,1	108,3	106,6	91,4	77,3	77,9	72,1	77,3	71,8	66,3	63,5	51,6
Industria	66,3	66,6	72,6	62,9	60,1	59,8	59,2	63,2	66,2	68,2	61,2	65,2	57,1	54,2	56,1	56,6	57,9
Construcción	32,6	29,8	27,7	24,1	23,2	23,3	25,8	27,8	31,1	29,3	36,4	31,8	26,9	30,9	30,8	29,1	30,1
Servicios	105,1	106,0	100,9	100,8	103,9	109,8	120,3	125,6	136,8	142,2	141,2	143,2	146,1	145,2	145,7	141,8	146,7
TOTAL	349,5	340,6	331,4	316,4	311,1	301,0	313,6	323,2	325,5	316,9	316,6	312,3	307,3	302,0	298,8	291,1	286,4
GALICIA																	
Agricultura e pesca	445,6	459,1	479,9	485,3	474,4	428,7	409,1	408,4	383,1	336,8	306,0	282,4	283,9	262,5	259,3	235,1	198,4
Industria	174,7	167,8	175,2	164,0	159,0	152,4	148,2	150,2	155,3	156,7	158,3	160,1	142,2	131,8	138,2	142,1	154,7
Construcción	102,0	95,1	81,1	70,8	68,9	65,3	78,7	87,4	92,5	93,1	103,9	97,7	89,2	90,3	93,5	94,4	95,8
Servicios	335,3	340,3	334,3	329,6	334,2	359,8	389,7	395,7	412,8	442,7	444,6	434,2	433,1	431,6	427,1	439,1	451,7
TOTAL	1.057,7	1.062,3	1.070,4	1.049,7	1.036,5	1.006,1	1.025,7	1.041,7	1.043,6	1.029,3	1.012,9	974,4	948,5	916,2	918,1	910,9	900,7

Medias anuais. Miles de persoas.

* Debido ó cambio metodolóxico que sufriu a E.P.A. no segundo trimestre de 1.987, as medias correspondentes a este ano calcularonse cos tres últimos trimestres.

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

Poboación ocupada por ramas de actividade económica

	1993*	1994	1995	1996	1997**
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	239,6	222,1	223,9	203,1	172,7
Pesca e Piscicultura	44,3	41,4	35,5	32,0	25,7
Industrias extractivas	6,7	6,4	8,3	7,7	7,8
Prod., Transp., Dist. Enerx.Elec.,Gas e Auga	4,9	4,0	3,3	5,7	6,4
Coquerías, Fabric. Prod.Quim. e Prod. Metais	21,8	19,4	19,5	15,9	16,4
Fabric. produc.met.const.maq.e mat. mecan.	13,5	13,4	13,7	13,8	14,3
Fabricación material transporte	23,4	21,7	22,9	26,1	27,3
Ind. prod. alimenticios, bebidas e tabaco	31,5	29,5	27,0	26,2	29,2
Ind. textil, coiro, calzado e confec. textis	13,5	13,7	15,1	17,8	24,0
Industria da madeira e cortiza	7,9	8,5	11,4	11,0	11,7
Ind. papel, artes gráficas e edic. e reprod. sop. gravados	4,5	4,1	5,1	4,5	3,6
Outras industrias manufactureiras	14,6	11,2	11,7	13,0	14,0
Construcción	89,2	90,3	93,5	94,4	95,8
Comercio por xunto e polo miúdo	111,6	113,9	107,9	104,8	109,4
Venda, manten. e reparac. vehic. motor gasoliñeiras	22,9	21,9	23,0	23,2	23,4
Hoteis, restaurantes e bares	42,6	44,8	45,5	42,8	41,5
Transportes e activ. anexas comunicación	46,5	43,3	43,2	46,9	47,0
Institucións financeiras e de seguros	20,3	18,0	16,4	17,1	17,0
Educación	39,2	39,6	41,1	46,7	46,5
Sanidade	34,5	36,2	34,1	38,0	39,1
Administrac. publicas, Defensa e Seguridade Social	44,3	40,6	44,3	43,4	46,0
Outros servios	71,3	73,3	71,5	75,8	81,8
TOTAL	948,5	916,2	918,1	910,9	900,7

Medias anuais. En miles de persoas.

* Non se proporciona a comparación cos anos anteriores, porque as ramas de actividade obtéñense a partir da nova CNAE (CNAE-93)

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

Poboación ocupada por sexo e estudos terminados

	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*
AMBOLOS DOUS SEXOS										
Analfabetos**			17,6	14,0	17,4	16,6	10,9	8,5	6,4	4,6
Sen estudos		240,4	195,9	162,6	154,3	168,5	132,8	119,0	103,3	87,0
Primarios	504,0	464,3	449,3	445,7	404,2	372,0	371,5	373,6	338,4	328,4
Medios	249,0	271,2	284,0	303,6	314,3	305,2	314,6	324,4	357,1	365,3
Nivel anterior ó superior	42,5	41,3	49,4	48,4	46,1	48,3	46,9	50,7	52,5	53,5
Superiores	25,1	26,4	33,1	38,6	38,0	37,9	39,6	41,8	53,0	61,8
TOTAL	1041,7	1043,6	1029,3	1012,9	974,4	948,5	916,2	918,1	910,9	900,7
HOMES										
Analfabetos			4,5	4,2	5,7	4,7	2,5	2,7	2,5	1,7
Sen estudos			89,3	74,7	76,3	81,4	61,5	54,4	50,0	39,8
Primarios			295,5	293,4	2,6	242,2	234,8	236,4	219,0	213,0
Medios			192,4	201,8	204,1	201,8	206,4	211,7	233,0	238,2
Nivel anterior ó superior			22,7	22,7	20,6	20,1	21,1	22,3	20,7	22,7
Superiores			22,4	25,9	23,5	23,6	25,3	24,7	31,7	34,9
TOTAL			626,7	622,6	594,3	573,8	551,6	552,2	557,2	550,3
MULLERES										
Analfabetos			13,1	9,8	11,7	11,9	8,3	5,8	3,8	2,9
Sen estudos			106,6	87,9	78,0	87,0	71,3	64,6	53,3	47,3
Primarios			153,9	152,3	140,2	129,7	136,8	137,2	119,3	115,3
Medios			91,6	101,8	110,2	103,4	108,2	112,7	124,1	127,1
Nivel anterior ó superior			26,7	25,8	25,4	28,3	25,8	28,4	31,7	30,9
Superiores			10,7	12,7	14,5	14,3	14,2	17,2	21,3	26,8
TOTAL			402,6	390,3	380,1	374,6	364,6	365,9	353,7	350,4

Medias anuais. En miles de persoas.

* Datos do segundo trimestre de 1.997.

** Nos anos 1988 e 89 "Analfabetos" e "Sen estudos" aparecían xuntos.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

primarios se dá unha preponderancia dos homes á hora de participar coma ocupados no mercado de traballo.

A análise en canto ó tipo de traballo realizado polos ocupados non reflicte, nos últimos anos, un cambio de composición en canto ós diferentes grupos ocupacionais, a excepción da xa comentada redución do número de ocupados no sector primario e a redución, nos últimos catro anos, de casi 15.000 traballadores en servizos de restauración, persoais e de venda en comercios. O número de técnicos e profesionais científicos e intelectuais ocupados incrementou en 20.000 dende 1994, e os técnicos de apoio tamén o fixeron en case 7.000 persoas, no mesmo período. Por outra banda, o número de traballadores non cualificados incrementou en máis de 10.000.

A poboación feminina foi a que supuxo o 65% do incremento da ocupación entre os profesionais científicos e intelectuais, aumentando tamén o número de ocupados na rama administrativa. O personal non cualificado reducírase no 1995 e

1996, pero volveu neste último ano ós seus niveis de 1994.

Os homes foron os que protagonizaron este aumento da poboación ocupada, diminuindo na categoría de persoal administrativo.

POBOACIÓN PARADA

Pese a que a poboación activa se viu lixeiramente reducida nos últimos quince anos, a destrución neta de emprego foi moi superior a ésta, o que levou a un importante aumento do número de parados, que para o segundo semestre do 1997 xa alcanzaban a cifra de 211.000, tres veces máis que en 1981.

A incorporación da muller á poboación activa non supuxo un incremento paralelo da poboación ocupada polo que se produciu un importante incremento de poboación parada dentro deste colectivo. Así, mentres que dende 1981 o número de homes parados duplicouse, o de mulleres multiplicouse por cinco, sendo este incremento especialmente

Poboación ocupada por sexo e grandes grupos ocupacionais

	1994*	1995	1996	1997**
ÁMBOLOS DOUS SEXOS				
Direc. das empresas e das AA.PP.	79,3	68,2	70,2	74,6
Técnicos e profes. científ. e intelectuais	62,0	68,0	79,9	82,2
Técnicos e profes. de apoio	45,5	43,9	47,2	52,6
Empregados tipo administrativo	64,7	59,7	64,9	66,3
Traballad. servizos restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	109,7	103,4	95,9	94,8
Traballad. cualificados na agricult. e na pesca	226,6	248,4	221,9	186,8
Artesáns e traball. cualific. das indust. mnufact., a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria	158,0	155,6	159,1	165,8
Operadores de instalac. maquin. e montadores	74,1	76,7	76,6	72,1
Traballadores non cualificados	93,5	89,3	91,8	103,3
Forzas Armadas	2,4	4,6	3,1	2,3
TOTAL	916,0	918,0	910,9	900,7
HOMES				
Direc. das empresas e das AA.PP.	49,5	43,3	44,4	45,9
Técnicos e profes. científ. e intelectuais	31,3	32,3	38,7	39,2
Técnicos e profes. de apoio	32,8	31,7	33,3	38,9
Empregados tipo administrativo	33,6	28,5	29,2	29,7
Traballad. servizos restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	45,8	43,2	41,7	39,6
Traballad. cualificados na agricult. e na pesca	106,5	113,7	106,1	86,8
Artesáns e traball. cualific. das indust. mnufact., a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria	140,1	141,9	145,1	148,9
Operadores de instalac. maquin. e montadores	62,2	64,1	66,1	61,9
Traballadores non cualificados	47,4	48,4	49,2	57,2
Forzas Armadas	2,4	4,6	3,0	2,3
TOTAL	552,0	552,1	557,2	550,3
MULLERES				
Direc. das empresas e das AA.PP.	29,7	24,9	25,7	28,7
Técnicos e profes. científ. e intelectuais	30,7	35,7	41,2	43,1
Técnicos e profes. de apoio	12,7	12,2	13,8	13,6
Empregados tipo administrativo	31,0	31,1	35,7	36,6
Traballad. servizos restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	63,8	60,1	54,2	55,2
Traballad. cualificados na agricult. e na pesca	120,1	134,6	115,7	100,0
Artesáns e traball. cualific. das indust. manufact., a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria	17,9	13,7	14,0	16,9
Operadores de instalac. maquin. e montadores	11,8	12,5	10,5	10,2
Traballadores non cualificados	46,1	40,8	42,5	46,0
Forzas Armadas				
TOTAL	364,0	365,8	353,7	350,4

Medias anuais. En miles de persoas.

* No ano 1994 non se ten en conta o primeiro trimestre debido a que nese momento foi cando se realizou a nova "Clasificación de Ocupacións 1994", que substituíu a ata daquela vixente de 1979.

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

grave no intervalo dentre 25 e 54 (onde o número de parados multiplicouse por 12).

Entre 16 e 19 anos, a poboación desempregada non se incrementou en número, pero cambiou a súa composición interna, aumentando o masculino e diminuíndo o feminino. No intervalo seguinte (20-24) a poboación parada duplicou, o que reflicte a dificultade do mercado galego para absorber as novas altas de poboación activa, sendo as mulleres as que constituíron o 90% deste incremento. O

espectacular aumento no número de parados de máis de 55 anos fai pensar, sobre todo, nos problemas estruturais dalgúns sectores industriais, privando de traballo a xente con poucas posibilidades de reinsertarse facilmente no mercado laboral.

A composición do paro por ramas de actividade indícanos que máis do 25% da poboación parada está á procura do seu primeiro emprego, o que denota a marcada incapacidade do mercado para incluír á nova forza de traballo que se vai incorpo-

Poboación parada por sexos e grandes grupos de idade

	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987*	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997**
HOMES																	
De 16 a 19 anos	7,7	11,1	13,7	13,0	12,2	14,1	10,0	6,4	5,3	4,7	4,4	7,0	9,0	8,6	6,1	7,6	8,2
De 20 a 24 anos	14,4	15,8	19,4	25,3	27,6	27,2	21,5	17,6	14,1	16,2	16,2	19,9	21,2	22,0	16,5	21,7	16,7
De 25 a 54 anos	20,7	26,9	41,3	45,4	53,8	52,4	46,5	45,4	43,9	44,5	43,4	55,6	70,7	72,6	61,4	62,4	62,5
De 55 e máis anos	2,4	2,8	3,6	5,8	8,2	7,5	6,2	6,7	7,3	7,0	5,0	8,5	8,1	9,6	9,2	8,1	8,5
TOTAL	45,1	56,5	78,0	89,4	101,7	101,3	84,2	76,1	70,5	72,3	69,0	91,0	108,9	112,8	93,0	99,9	96,0
MULLERES																	
De 16 a 19 anos	6,8	6,8	9,8	9,3	9,3	10,2	8,1	9,0	8,0	6,7	6,5	8,5	6,8	5,9	6,1	7,2	5,8
De 20 a 24 anos	7,9	11,4	16,1	17,2	20,4	19,7	20,6	19,8	19,4	17,0	18,3	21,6	20,6	23,4	23,8	23,0	24,3
De 25 a 54 anos	6,6	9,7	13,7	21,0	22,9	25,2	31,2	39,5	43,9	43,4	45,5	62,0	69,3	75,7	70,6	74,5	81,7
De 55 e máis anos	0,1	0,2	0,2	0,6	1,4	1,3	0,8	1,3	1,6	1,5	1,7	3,0	2,8	2,4	2,7	3,4	3,5
TOTAL	21,4	28,1	39,8	48,0	53,9	56,4	60,8	69,5	72,8	68,5	72,0	95,0	99,4	107,3	103,1	108,2	115,2
AMBOLOS DOUS SEXOS																	
De 16 a 19 anos	14,5	17,8	23,5	22,2	21,5	24,3	18,1	15,4	13,2	11,4	10,8	15,5	15,7	14,6	12,1	14,9	14,0
De 20 a 24 anos	22,3	27,2	35,5	42,4	47,9	46,9	42,2	37,4	33,4	33,2	34,5	41,5	41,8	45,3	40,2	44,8	41,0
De 25 a 54 anos	27,2	36,6	55,0	66,4	76,7	77,5	77,6	84,9	87,8	87,8	88,9	117,7	140,0	148,3	132,0	136,9	144,2
De 55 e máis anos	2,5	3,0	3,8	6,4	9,6	8,9	7,0	8,0	9,0	8,5	6,7	11,5	10,9	12,0	11,8	11,5	12,0
TOTAL	66,5	84,6	117,7	137,3	155,6	157,6	144,9	145,6	143,3	140,8	140,9	186,1	208,4	220,2	196,1	208,1	211,2

Medias anuais. Miles de persoas.

* Debido ó cambio metodolóxico que sufriu a E.P.A. no segundo trimestre de 1987, as medias correspondentes a este ano calcularonse cos tres últimos trimestres.

** Datos do segundo trimestre de 1997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

Poboación parada por ramas de actividade económica

	1993*	1994	1995	1996	1997**
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	1,8	1,2	2,2	3,2	4,4
Pesca e Piscicultura	4,4	4,5	3,4	3,7	2,2
Industrias extractivas	0,8	0,7	0,9	0,9	0,4
Prod., Transp., Dist. Enerx.Elec.,Gas e Auga	0,7	0,6	0,2	0,4	—
Coquerías, Fabric. Prod.Quim. e Prod. Metais	2,3	2,8	1,4	2,1	2,3
Fabric. produc.met.const.maq.e mat. mecan.	3,1	2,5	2,5	1,6	2,4
Fabricación material transporte	4,1	2,8	1,4	1,6	1,9
Ind. prod. alimenticios, bebidas e tabaco	8,1	8,3	6,2	5,5	7,4
Ind. textil, coiro, calzado e confec. textis	3,8	2,1	2,4	2,6	3,1
Industria da madeira e cortiza	2,1	2,2	1,6	1,8	0,3
Ind. papel, artes gráficas e edic. e reprod. sop. gravados	1,4	1,0	0,8	0,8	1,1
Outras industrias manufactureiras	2,1	1,9	1,7	2,8	0,5
Construcción	29,6	34,6	24,8	26,1	27,6
Comercio por xunto e polo miúdo	13,6	17,0	15,3	12,3	14,7
Venda, manten. e reparac. vehic. motor gasoliñeiras	4,3	3,6	3,1	2,2	1,7
Hoteis, restaurantes e bares	8,9	9,8	8,0	9,9	7,7
Transportes e activ. anexas comunicación	8,1	6,1	4,2	4,5	3,3
Institucións financeiras e de seguros	0,9	1,6	1,1	1,2	0,9
Educación	1,2	2,5	2,9	2,3	2,3
Sanidade	5,8	6,0	4,9	5,4	5,5
Administrac. publicas, Defensa e Seguridade Social	6,4	3,8	3,6	4,4	3,3
Outros servizos	10,9	11,2	9,6	10,4	12,9
Non clasificables***	37,3	40,7	46,3	47,2	51,0
Buscando 1º emprego	46,6	52,6	47,5	54,4	54,3
TOTAL	208,4	220,2	196,1	208,1	211,2

Medias anuais. En miles de persoas.

* Non se proporciona a comparación cos anos anteriores, porque as ramas de actividade obtéñense a partir da nova CNAE (CNAE-93).

** Datos do segundo trimestre de 1997.

*** Son os parados que deixaron o seu emprego hai máis de tres anos.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

Poboación parada segundo o tempo de procura de emprego e sexo

	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*
AMBOLOS DOUS SEXOS									
Menos de 6 meses	22,7	25,7	26,8	28,6	25,3	22,2	22,6	22,9	20,2
De 6 a 11 meses	13,6	16,2	16,7	18,2	18,0	16,1	12,8	16,0	18,4
De 1 a 2 anos	20,0	19,0	19,7	18,4	21,8	22,7	19,0	18,0	19,6
De 2 a 3 anos**	42,6	37,6	35,1	33,7	34,1	13,1	13,2	11,1	9,9
Máis de 3 anos						25,2	31,9	30,9	30,8
Non clasificable	1,1	1,5	1,7	1,0	0,8	0,8	0,5	1,0	1,1
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
HOMES									
Menos de 6 meses	27,4	32,6	31,8	36,0	30,5	26,1	28,5	29,4	25,9
De 6 a 11 meses	15,3	17,7	20,5	19,7	21,5	18,9	14,0	19,3	21,0
De 1 a 2 anos	18,5	17,2	18,2	18,6	22,6	24,0	22,3	19,1	21,1
De 2 a 3 anos**	37,4	30,8	27,2	24,5	24,2	11,7	12,2	10,1	8,5
Máis de 3 anos						18,1	22,6	21,0	21,6
Non clasificable	1,3	1,7	2,3	1,1	1,2	1,1	0,3	1,1	1,8
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
MULLERES									
Menos de 6 meses	18,1	18,5	22,0	21,5	19,7	18,0	17,3	16,9	15,4
De 6 a 11 meses	12,0	14,6	13,1	16,9	14,2	13,2	11,6	13,1	16,1
De 1 a 2 anos	21,3	20,9	21,1	18,3	20,9	21,2	16,0	16,9	18,3
De 2 a 3 anos**	47,6	44,8	42,6	42,4	45,0	14,5	14,2	12,0	11,1
Máis de 3 anos						32,7	40,2	40,1	38,5
Non clasificable	0,9	1,3	1,2	0,9	0,3	0,4	0,6	0,9	0,5
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Medias anuais. Porcentaxes.

* Datos do segundo trimestre de 1.997.

** Ata 1993 esta categoría era "máis de 2 anos". A partir deste ano, desglósase en "de 2 a 3 anos" e "máis de 3 anos".

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

rando. Outro 25% dos parados atópanse en situacións "Non clasificables", agrupación na que se recollen as persoas que ó deixar o seu emprego hai máis de tres anos son parados de moi longa duración.

Construción, que no 1995 reducira sensiblemente os seus niveis de paro, volve adquirir unha liña ascendente, posicionándose en 1997 como a actividade con maior volume de parados, alcanzando os 27.600. O comercio por xunto e polo miúdo, con altibaixos cíclicos nos últimos anos, sitúase cunha poboación parada en torno ás 15.000 persoas. A restauración, a industria alimenticia e a sanidade son outras tres das actividades nas que o paro alcanza volumes importantes.

TAXA DE PARO

O máis preocupante da elevada taxa de paro que rexistra a nosa comunidade autónoma é a súa composición en canto ó tempo de espera transcorrido antes de atopar un traballo. Así, a cifra de parados por máis de tres anos, que no 1994 era xa

do 25%, aumentou considerablemente ó ano seguinte mantendo, dende entón, unha relativa estabilidade en torno ó 30%. A cifra daqueles que levan á procura de emprego entre dous e tres anos parece reducirse ano a ano, alcanzando de calquer xeito o 10% para o segundo trimestre do 1997. Os que levan parados máis dun ano rondan, dende 1989, o 20%, o que leva, en suma, a que o paro de longa duración en Galicia alcance valores próximos ó 60% da poboación parada, situación que se ven repetindo dende finais da pasada década.

Este problema afecta con maior forza ás mulleres, entre as que o 68% levan á procura de emprego máis dun ano, mentres que nos homes esta proporción baixa ata un igualmente alarmante 51%. A evolución que os datos presentan ó longo dos últimos anos evidencia a existencia dun problema estrutural que sigue sen solución aparente.

A taxa de paro pasou do 5, % en 1981 ó 19% da poboación activa para o segundo semestre do 1997, sen contar a situación de subemprego que existe no sector primario. Dende o ano 1986 ata

Taxas de paro por sexo e grandes grupos de idade

	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987*	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997**
HOMES																	
De 16 a 19 anos	17,2	24,8	28,4	28,5	27,5	33,9	29,8	22,0	18,1	16,2	17,0	27,1	34,1	37,2	33,0	33,2	36,6
De 20 a 24 anos	21,4	22,7	26,6	36,9	37,0	36,2	27,5	25,2	19,7	22,7	22,5	27,9	32,3	37,3	27,3	33,3	26,1
De 25 a 54 anos	4,6	6,0	9,0	9,7	11,6	11,5	9,9	9,6	9,2	9,4	9,2	11,9	14,9	15,4	13,3	13,3	13,5
De 55 e máis anos	1,7	1,9	2,6	4,2	5,9	5,7	5,1	5,5	5,6	5,5	4,1	6,9	6,9	8,7	8,6	8,0	8,8
TOTAL	6,5	8,0	10,8	12,4	14,1	14,4	12,0	10,9	9,9	10,3	10,0	13,3	16,0	17,0	14,4	15,2	14,9
MULLERES																	
De 16 a 19 anos	23,5	23,6	34,1	34,5	32,1	38,9	35,5	33,6	37,4	32,6	34,0	45,0	45,0	46,9	42,6	52,2	49,2
De 20 a 24 anos	17,8	24,5	31,0	33,3	38,9	38,7	39,0	36,5	35,7	35,2	36,3	39,8	44,3	46,8	45,8	46,4	46,5
De 25 a 54 anos	2,7	3,9	5,1	7,7	8,5	9,2	10,9	13,3	15,1	14,7	15,4	20,1	22,1	23,7	22,1	23,4	24,8
De 55 e máis anos	0,1	0,2	0,2	0,5	1,1	1,2	0,8	1,1	1,5	1,4	1,7	3,2	2,9	2,7	3,2	4,2	4,8
TOTAL	5,0	6,4	8,5	10,3	11,4	12,2	12,9	14,1	15,2	14,5	15,6	20,0	21,0	22,7	22,0	23,4	24,7
AMBOLOS DOUS SEXOS																	
De 16 a 19 anos	19,7	24,3	30,5	30,7	29,3	35,8	32,0	27,5	26,2	23,0	24,3	34,7	38,0	40,7	37,1	40,3	41
De 20 a 24 anos	20,0	23,4	28,4	35,3	37,8	37,2	32,2	30,1	26,6	27,8	28,2	33,0	37,3	41,7	35,8	39,0	35,3
De 25 a 54 anos	4,0	5,2	7,5	9,0	10,5	10,7	10,3	11,0	11,4	11,4	11,6	15,2	17,8	18,7	16,9	17,4	18,2
De 55 e máis anos	1,0	1,2	1,5	2,5	3,7	3,6	3,1	3,4	3,7	3,6	3,1	5,3	5,0	6,0	6,2	6,3	7,1
TOTAL	5,9	7,4	9,9	11,6	13,1	13,5	12,4	12,3	12,1	12,0	12,2	16,0	18,0	19,4	17,6	18,6	19

Medias anuais. Porcentaxes.

* Debido ó cambio metodolóxico que sufriu a E.P.A. no segundo trimestre de 1.987, as medias correspondentes a este ano calculáronse cos tres últimos trimestres.

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

Taxas de paro por sectores económicos

	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987*	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997**
A CORUÑA																	
Agricultura e Pesca	0,7	0,9	1,4	2,3	2,6	2,3	1,5	0,8	1,1	1,0	2,4	2,7	2,8	2,9	2,3	3,4	1,8
Industria	2,4	4,7	8,8	8,6	13,9	13,5	7,1	9,3	10,6	9,3	11,1	12,3	15,8	17,1	13,1	14,5	11,4
Construcción	10,7	13,3	25,1	31,9	33,2	30,3	12,3	12,9	13,5	15,3	13,7	21,1	29,2	33,1	20,5	21,1	22,7
Servicios	2,9	3,8	7,9	8,7	9,6	10,0	5,5	5,5	6,8	8,4	8,2	10,4	11,3	11,7	10,4	10,2	7,9
TOTAL	4,8	6,6	11,6	13,0	15,1	14,7	12,1	11,6	13,1	13,8	12,8	16,7	19,1	21,2	18,0	18,6	17,9
LUGO																	
Agricultura e Pesca	0,3	0,3	0,3	0,4	0,7	0,8	0,5	0,4	0,4	1,1	0,4	1,0	0,8	0,4	1,5	2,6	2,3
Industria	3,3	5,5	6,0	6,8	6,0	7,3	6,7	4,8	4,5	7,2	6,8	7,0	13,4	14,8	13,3	13,4	12,9
Construcción	21,5	33,9	31,4	27,3	27,6	22,4	19,6	10,7	9,8	13,4	15,9	15,2	16,1	28,3	22,0	20,1	17,9
Servicios	3,4	6,4	5,7	6,7	5,3	5,0	8,0	5,8	7,1	5,4	5,8	10,1	11,0	11,4	10,7	10,8	11,2
TOTAL	4,5	6,3	6,2	6,9	6,6	7,6	9,5	7,2	7,7	8,4	9,8	10,2	11,8	14,7	14,4	14,3	15,6
OURENSE																	
Agricultura e Pesca	0,4	0,1	0,2	0,2	0,3	1,1	0,6	-	-	0,1	0,4	1,9	1,8	1,5	1,4	2,0	4,9
Industria	6,8	4,3	4,9	8,2	12,5	9,9	9,6	11,1	4,3	2,1	4,7	10,8	12,4	9,7	6,2	10,9	7,3
Construcción	13,9	13,2	13,8	14,7	18,4	16,5	12,0	11,9	11,5	10,3	8,5	16,9	18,8	20,2	13,5	18,7	21,6
Servicios	3,2	9,7	8,0	4,3	5,6	7,6	6,9	7,3	6,3	5,4	7,1	9,6	8,0	9,7	6,5	8,4	10,5
TOTAL	5,5	6,7	7,5	7,3	8,4	8,6	9,7	9,9	7,4	7,0	8,5	14,4	14,7	14,6	11,4	16,1	17,0
PONTEVEDRA																	
Agricultura e Pesca	0,8	0,7	0,7	1,3	2,2	3,3	1,2	1,8	3,0	3,3	2,2	3,2	2,9	3,4	2,9	3,0	5,1
Industria	6,4	8,6	9,1	15,5	19,4	17,6	8,0	11,0	9,7	8,9	13,0	14,7	19,5	16,9	12,9	10,8	11,8
Construcción	11,6	15,1	20,1	29,6	28,1	26,0	18,8	15,4	12,6	15,4	14,0	21,0	25,6	24,9	24,6	24,2	23,7
Servicios	4,8	4,9	6,2	9,0	10,1	9,5	8,1	9,5	9,4	8,9	9,0	12,2	15,2	14,8	13,2	12,3	13,2
TOTAL	7,8	9,1	10,9	14,6	16,2	17,4	15,5	16,5	15,5	14,4	14,4	18,6	21,0	21,5	21,1	21,5	22,5
GALICIA																	
Agricultura e Pesca	0,6	0,5	0,7	1,2	1,6	2,0	1,0	0,8	1,1	1,3	1,5	2,4	2,2	2,2	2,2	2,8	3,2
Industria	4,5	6,3	8,4	11,2	15,2	14,1	7,8	9,9	8,9	8,2	10,6	12,5	16,6	15,8	12,1	12,5	11,1
Construcción	12,6	15,9	22,1	27,4	28,3	25,5	15,5	13,3	12,4	14,5	13,5	19,6	24,9	27,7	21,0	21,7	22,3
Servicios	3,6	5,2	7,1	8,0	8,8	8,9	6,8	7,1	7,7	7,9	8,2	11,0	12,3	12,6	11,1	10,7	10,4
TOTAL	5,9	7,4	9,9	11,6	13,1	13,5	12,4	12,3	12,1	12,0	12,2	16,0	18,0	19,4	17,6	18,6	19,0

Medias anuais. Porcentaxes.

* Debido ó cambio metodolóxico que sufriu a E.P.A. no segundo trimestre de 1.987, as medias correspondentes a este ano calculáronse cos tres últimos trimestres.

** Datos do segundo trimestre de 1.997.

Fonte INE: Enquisa de poboación activa. Sacada do Anuario de Estatísticas do mercado de traballo. IGE.

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade

	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*
HOMES							
De 16 a 19 anos	4.975	5.273	6.892	7.525	6.062	4.291	3.973
De 20 a 24 anos	12.688	13.002	15.324	15.451	12.646	10.790	9.941
De 25 a 54 anos	47.051	49.680	58.043	62.611	58.184	54.051	51.027
De 55 e máis anos	11.326	9.309	9.482	10.417	10.889	12.513	12.122
TOTAL	76.040	77.264	89.741	96.004	87.781	81.645	77.063
MULLERES							
De 16 a 19 anos	9.202	9.381	9.706	9.769	7.916	4.594	4.285
De 20 a 24 anos	21.410	21.198	22.329	22.415	20.185	16.096	14.533
De 25 a 54 anos	67.435	66.940	65.940	66.770	67.232	68.358	66.723
De 55 e máis anos	4.359	3.676	3.413	3.468	3.971	5.119	5.317
TOTAL	102.406	101.195	101.388	102.422	99.304	94.167	90.858
AMBOLOS DOUS SEXOS							
De 16 a 19 anos	14.177	14.654	16.598	17.294	13.978	8.885	8.258
De 20 a 24 anos	34.098	34.200	37.653	37.866	32.831	26.886	24.474
De 25 a 54 anos	114.486	116.620	123.983	129.381	125.416	122.409	117.750
De 55 e máis anos	15.685	12.985	12.895	13.885	14.860	17.632	17.439
TOTAL	178.446	178.459	191.129	198.426	187.085	175.812	167.921

Medias anuais.

* Datos do mes de xuño de 1997.

FONTE: INEM. Estadística de emprego. Sacado do Anuario de Estatísticas do Mercado de Traballo. IGE.

principios dos 90 deuse un proceso de reaxuste do emprego, no que a taxa de paro diminuíu en 1,5 puntos, pero a partir de entón, e con excepción do ano 1995, dase un proceso de crecemento desa taxa de paro. Resulta especialmente alarmante a taxa de paro que se alcanza entre os xoves, que supera o 40% para os de idades comprendidas entre 16 e 19, sendo algo inferior para os de 20 a 24 anos. Para as mulleres de menos de 19 a taxa está próxima ó 50%, acadando as dentro 20 e 24 un nivel de desemprego superior ó 45%.

Por grandes sectores económicos, e como xa se comentaba, é a Construcción a que ten unhas taxas de paro superiores, en torno ó 22%, alcanzando valores de ata o 24% en provincias como Pontevedra, onde a taxa de paro se reflicte como o maior da comunidade galega, situándose 3,5 puntos por encima da media. Industria e Servicios rexistran taxas en torno ó 10% e o sector primario, polas características antes citadas, de tan só o 3,2%, aínda que Pontevedra e Ourense presentan taxas de ata un 5%.

POBOACIÓN INACTIVA

Para completar esta análise, que toma como base a Enquisa de Poboación Activa, cabería comenta-lo ininterrompido incremento da poboación inactiva que se ven dando dende o ano 1982,

e que dende finais do 1994 supera xa á poboación activa. Este incremento céntrase nos grupos de idades maiores de 55 anos e menores de 25, que unha vez máis denota, por un lado, a composición por idades da pirámide de poboación galega, moi envellecida, e por outro, a prolongación dos períodos de formación por parte dos xoves ante a imposibilidade de atopar un traballo. O colectivo de estudantes representa aproximadamente un 20% da poboación inactiva, e constitúe unha poboación potencialmente activa que compre non esquecer á hora dunha análise real da situación actual.

PARO REXISTRADO

En función da metodoloxía empregada os datos referentes ó mercado de traballo que se obteñen vía o Instituto Nacional de Empleo difiren dos facilitados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), e proporcionan informacións que ésta non contempla. Faremos a continuación unha análise do paro rexistrado en Galicia, centrándonos na evolución en canto a demandas e ofertas de emprego e a súa plasmación en postos reais, así como as características dos diferentes tipos de contrato.

O paro rexistrado, contrariamente os datos da EPA, descende progresivamente dende o ano 1994, onde a cifra media alcanzada fora de 96.004 parados, mingando ata os 77.063 rexistrados en

Paro rexistrado por ramas de actividade económica

	1996	1997*
Agricultura, gandería	2.491	2.042
Pesca	2.591	2.564
Industrias extractivas	774	796
Industrias manufactureiras	31.758	29.022
Produc. e distribuc. electricidade, gas e auga	262	247
Construcción	27.292	24.818
Comercio e reparación	20.500	20.012
Hostelería	11.615	11.369
Transportes, almacenamento e comunicación	5.085	4.880
Intermediarios financeiros	881	890
Activid. inmobiliarias e de aluguer	10.361	11.522
Administración Pública, defensa e seguridade social	9.787	8.679
Educación	2.562	2.657
Actividades sanitarias e servizos sociais	4.932	4.400
Outras actividades sociais	5.358	5.712
Persoal doméstico	1.616	1.439
organismos extraterritoriais	15	13
Sen emprego anterior	37.933	36.859
TOTAL	175.811	167.921

Medias anuais.

* Datos do mes de xuño de 1997.

FONTE: INEM. Estadística de emprego. Sacado do Anuario de Estadísticas do Mercado de Traballo. IGE.

xuño de 1997. Entre os parados existe un maior número de mulleres que de homes, e nestas o paro parece incrementarse, excepto para as menores de 25 anos, aínda que a xuño do 1997 o paro rexistrado entre as de idades comprendidas entre 25-54 tamén diminuíu. Nos homes as cifras se reducen para tódolos colectivos de idade.

Por actividades económicas, e con respecto ás cifras do ano 1996 en relación coas de xuño de 1997, o paro diminuíu nos tres epígrafes que normalmente acumulan maiores volúmenes de desempregados, a saber, Industrias manufactureiras, Construcción e Comercio e Reparación, pasando dos 79.550 parados, para as tres actividades en conxunto, ós 73.852 de xuño do 1997. O número de parados en busca do seu primeiro emprego tamén diminuíu en máis de 1.000 persoas. As únicas actividades que reflectiron un incremento do paro rexistrado foron as Inmobiliarias e de Aluguer, os Intermediarios financeiros, as Extractivas e as incluídas no epígrafe de Outras actividades sociais.

OFERTAS E DEMANDAS DE EMPREGOS

Dentro desta análise resulta de interese a evolución das ofertas e demandas de emprego, e especialmente o número de colocacións que se

produciron, con ou sen intermediación do INEM. Obsérvase un constante aumento das demandas de emprego, que en 1996 alcanzaron as 605.000, e un paralelo incremento das ofertas, así como das colocacións realizadas. En 1996 o total de colocacións rexistradas polo INEM foi de 419.098, das que 45.409 foron xestionadas por este organismo. Por provincias A Coruña e Pontevedra son as que rexistraron maiores niveis tanto de oferta como de demanda, aínda que a tendencia foi a mesma en toda a xeografía galega, na liña de reflectir incrementos nas demandas rexistradas e nas colocacións que se produciron.

Os datos dos que se dispón ata xuño do 1997 apuntan a unha continuación dese aumento nas colocacións en tódalas provincias galegas.

As ofertas de emprego, aínda que insuficientes para cubri-la demanda que aumenta de ano en ano, amosan unha evolución positiva. No cadro, clasificado por grandes grupos profesionais, podemos ver como se da un incremento dun 363% no número de ofertas nos tres últimos anos, pero que vai acompañado de incrementos de demanda, sendo esta sempre moi superior á oferta.

Das 419.098 colocacións que se produciron ó longo do ano 1996, máis do 60% corresponderon ó sector servizos, repartíndose as restantes entre o

Demandas, ofertas e colocacións rexistradas

	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996
A CORUÑA												
Demadas rexistradas	107.447	129.381	141.650	157.894	168.563	192.036	198.930	182.657	180.871	186.495	208.079	242.092
Colocacións	46.820	57.859	65.372	70.989	90.651	106.673	110.165	106.075	106.534	118.606	149.664	172.662
LUGO												
Demadas rexistradas	26.364	32.919	34.738	39.093	43.261	47.891	54.706	51.056	49.917	50.052	56.052	65.632
Colocacións	13.410	15.718	18.067	21.706	26.536	28.003	31.130	30.456	29.784	32.936	39.538	45.864
OURENSE												
Demadas rexistradas	24.993	30.700	37.787	39.237	42.173	43.653	59.799	47.848	46.093	45.603	53.388	63.110
Colocacións	10.066	11.328	13.212	15.430	18.860	23.555	23.417	21.559	23.790	27.461	33.934	36.042
PONTEVEDRA												
Demadas rexistradas	104.398	115.892	119.694	135.314	145.941	166.535	183.908	171.062	167.718	172.825	212.757	234.545
Colocacións	41.962	47.523	56.577	71.294	84.628	93.363	96.044	89.358	90.300	106.899	134.880	164.530
GALICIA												
Demadas rexistradas												
Primeiro emprego	68.881	85.087	89.378	95.768	93.828	97.013	99.737	78.833	70.834	69.259	78.847	114.046
Outras	194.321	223.805	244.491	275.770	306.110	353.102	397.606	373.790	373.765	385.716	451.429	491.333
TOTAL	263.202	308.892	333.869	371.538	399.938	450.115	497.343	452.623	444.599	454.975	530.276	605.379
Ofertas rexistradas:												
TOTAL	19.018	19.682	21.672	26.280	29.279	28.541	27.099	18.204	14.653	20.313	47.538	73.810
Colocacións												
Ofertas comunicadas	100.115	118.987	139.422	162.630	202.386	233.767	242.134	233.566	238.566	267.106	312.607	347.011
Ofertas xestionadas	12.143	13.441	13.806	16.789	18.289	17.827	18.622	13.882	11.842	18.796	45.409	72.087
TOTAL	112.258	132.428	153.228	179.419	220.675	251.594	260.756	247.448	250.408	285.902	358.016	419.098

Acumulados anuais

Fonte: INEM. Estadística de Empleo. Sacado do anuario de estadísticas do mercado de traballo. IGE.

Ofertas de emprego rexistradas por grandes grupos profesionais

	1994	1995	1996
Profesionais e Técnicos	2.086	5.243	7.138
Direct. empresa e AA.PP.	33	77	110
Administrativos e asimilados	1.846	5.233	8.599
Comerciantes e vendedores	1.874	3.769	6.303
Pers. hostel., domest. e seguros	2.203	5.544	10.906
Pers. agric., gand., pesca e similares	677	1.195	1.813
Pers. minería, sider., quim. e téxtil	1.072	3.037	4.412
Pers. calzado, mobles e metal e mecan.	1.999	4.296	5.995
Pers. const., caucho, plást. e artes gráficas	5.105	10.878	14.735
Peóns	3.418	8.266	13.799
TOTAL	20.313	47.538	73.810

Acumulados anuais.

FONTE: INEM. Estadística de emprego. Sacado do Anuario de Estadísticas do Mercado de Traballo. IGE.

Demandas de emprego rexistradas por grandes grupos profesionais

	1991	1992	1993	1994	1995	1996*
Profesionais e técnicos	55.315	55.456	58.524	63.029	77.169	103.451
Direct. empresas e AA.PP.	1.362	1.361	1.453	1.117	1.819	4.104
Administrativos e asimilados	57.668	52.178	52.267	50.027	58.011	65.263
Comerciantes e vendedores	43.266	40.190	39.786	41.769	48.806	53.634
Pers. hostel., domést. e seguros	73.307	65.107	63.798	65.219	75.168	81.690
Pers. agric., gand., pesca e similares	17.894	14.669	14.252	15.684	14.012	14.940
Pers. minería, sider., quim. e téxtil	30.290	25.012	22.079	24.057	28.375	29.927
Pers. calzado, mobles, metal e mecan.	41.521	40.803	41.147	41.354	48.566	54.406
Pers. const., caucho, plást. e artes gráficas	87.052	80.955	78.721	81.830	96.153	106.766
Peóns	89.668	76.892	72.572	70.889	82.197	91.198
TOTAL	497.343	452.623	444.599	454.975	530.276	605.379

Acumulados anuais.

* A distribución do total das demandas entre os grupos profesionais estimouse para os meses de marzo e abril por non dispoñer de información correspondente a esos meses.

FONTE: INEM. Estadística de emprego. Sacado do Anuario de Estadísticas do Mercado de Traballo. IGE.

Colocacións rexistradas por sectores de actividade económica

	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996
A CORUÑA												
Agricultura e pesca	2.249	2.215	3.279	4.664	4.323	6.037	6.962	5.424	4.910	3.274	6.916	5.720
Industria	11.881	13.574	14.143	16.076	20.491	24.492	23.158	20.286	19.719	25.821	27.245	30.464
Construcción	12.539	14.947	16.693	18.218	23.732	27.849	24.330	21.500	21.779	25.781	29.361	29.406
Servicios	20.151	27.123	31.257	32.031	42.105	48.295	55.715	58.865	60.126	63.730	86.142	107.072
TOTAL	46.820	57.859	65.372	70.989	90.651	106.673	110.165	106.075	106.534	118.606	149.664	172.662
LUGO												
Agricultura e pesca	130	487	1.126	1.546	1.575	1.548	2.377	2.536	2.655	2.686	4.124	3.321
Industria	2.560	2.903	2.835	3.504	4.003	4.175	3.776	3.646	2.686	2.438	3.402	3.826
Construcción	5.349	5.790	5.525	6.595	7.719	7.768	8.062	7.061	6.265	6.930	7.333	6.579
Servicios	5.371	6.538	8.581	10.061	13.239	14.512	16.915	17.213	18.178	20.882	24.679	32.138
TOTAL	13.410	15.718	18.067	21.706	26.536	28.003	31.130	30.456	29.784	32.936	39.538	45.864
OURENSE												
Agricultura e pesca	175	223	282	243	467	702	561	426	1.289	1.385	908	1.384
Industria	2.052	2.569	3.492	4.093	4.833	6.031	5.300	5.172	4.408	5.492	6.994	7.132
Construcción	3.830	4.000	3.989	4.577	5.527	6.993	7.307	6.504	6.368	7.667	7.748	7.304
Servicios	4.009	4.536	5.449	6.517	8.033	9.829	10.249	9.457	11.725	12.917	18.284	20.222
TOTAL	10.066	11.328	13.212	15.430	18.860	23.555	23.417	21.559	23.790	27.461	33.934	36.042
PONTEVEDRA												
Agricultura e pesca	4.124	3.682	4.519	5.237	7.515	7.342	7.624	7.076	6.971	5.777	5.333	6.631
Industria	9.258	11.894	15.844	18.802	21.535	23.609	23.648	20.185	18.341	23.198	30.329	29.896
Construcción	11.021	11.117	11.621	15.723	17.796	19.493	18.372	17.668	16.086	18.975	20.976	20.396
Servicios	17.559	20.830	24.593	31.532	37.782	42.919	46.400	44.429	48.902	58.949	78.242	107.607
TOTAL	41.962	47.523	56.577	71.294	84.628	93.363	96.044	89.358	90.300	106.899	134.880	164.530
GALICIA												
Agricultura e pesca	6.678	6.607	9.206	11.690	13.880	15.629	17.524	15.462	15.825	13.122	17.281	17.056
Industria	25.751	30.940	36.314	42.475	50.862	58.307	55.882	49.289	45.154	56.949	67.970	71.318
Construcción	32.739	35.854	37.828	45.113	54.774	62.103	58.071	52.733	50.498	59.353	65.418	63.685
Servicios	47.090	59.027	69.880	80.141	101.159	115.555	129.279	129.964	138.931	156.478	207.347	267.039
TOTAL	112.258	132.428	153.228	179.419	220.675	251.594	260.756	247.448	250.408	285.902	358.016	419.098

Acumulados anuais.

FONTE: INEM. Estadística de emprego. Sacado do Anuario de Estatísticas do Mercado de Traballo. IGE.

sector industrial, a construción e, en moita menor medida, o sector primario. Na construción e no sector primario, para o conxunto da Comunidade Autónoma, o número de colocacións foi inferior ó que se producira no ano anterior, aínda que en Ourense e Pontevedra se deu un incremento de colocacións no sector primario e A Coruña non seguiu a pauta xeral no caso da construción.

En canto ó nivel de estudos, e con información do primeiro semestre do 1997, reseñar que o grupo que acapara os dous tercios das ocupacións constituírono persoas cun nivel primario de estudos. Daqueles en posesión de estudos a nivel de BUP ou Formación Profesional, colocáronse 34.640 e 24.777, respectivamente, e os de estudos superiores e de grao medio, en torno ós 14.500. O nivel de colocación máis baixo deuse entre aqueles sen formación de ningún tipo, con tan só 103 colocados no primeiro semestre. Esta cifra explícase pola actual configuración do sistema educativo.

Os contratos ordinarios rexistrados durante o 1996 ascenderon a 327.648 e, segundo os datos de mediados de ano, esta cifra superárase a finais do 1997. Por sectores foron servizos, industria, construción e agricultura por este orden os que rexistraron un maior número de contratos. A tipoloxía de contrato máis abundante foi a do contrato de obra ou servizo e despois a do contrato eventual por necesidades mercantís. Os contratos por interinidade seguíronlle en importancia, e despois aqueles por nova actividade. Os contratos que tiveron unha menor importancia foron os indefinidos.

Entre aqueles acoitados a modalidades de fomento ó emprego ocorre o mesmo, sendo de duración indefinida tan só un 7% dos contratos. Dentro destes máis da metade son contratos a tempo parcial, 1.195 son conversión doutros contratos en indefinidos e o resto se reparte entre minusválidos, menores de 29 e maiores de 45 ou mulleres reincorporadas. Dos máis de 71.000 con-

Colocacións segundo nivel de estudos da persoa colocada en 1997*

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Sen estudos	15	3	1	84	103
Estudios primarios sen certificado	1.511	991	318	2.486	5.306
Certificado de escolaridade	40.299	9.450	9.714	41.351	100.814
E.X.B.	51.713	10.228	9.285	49.849	121.075
B.U.P.	15.558	3.066	3.025	12.991	34.640
Formación profesional	9.190	3.856	1.959	9.772	24.777
Titulación grao medio	4.736	3.794	1.030	4.887	14.447
Titulación grao superior	6.269	2.224	995	5.308	14.796
TOTAL	129.291	33.612	26.327	126.728	315.958

* Datos acumulados ata agosto de 1997.

Fonte: INEM. Estatística de emprego

Contratos ordinarios segundo tipo de contrato

	1996	1997*
Indefinidos	11.544	5.693
Obras ou servicios	138.918	76.067
Eventual necesid. mercantís	100.498	54.959
Interinidade	35.207	18.335
Nova actividade	19.502	8.561
Fixos discontinuos		
Outros	21.979	60.265
TOTAL	327.648	223.880

Acumulados anuais

* Datos acumulados ata xuño de 1997.

Fonte: INEM. Estatística de contratos rexistrados. Sacado do Anuario de Estadísticas do mercado de traballo. IGE.

Contratos acolidos a modalidades de fomento ó emprego

	1995	1996
DURACIÓN INDEFINIDA		
Minusválidos	197	236
Xoves menores de 25 anos e entre 25 e 29	126	98
Maiores de 45 anos	469	428
Mulleres subrepresentadas e reincorporadas	93	19
Conversión de contr. de prácticas en indefin.	594	726
Conversión de contr. de formación en indefin.	333	108
Conversión de outros contratos en indefinidos	268	328
Tempo parcial	3.311	3.104
TOTAL	5.391	5.047
DURACIÓN TEMPORAL		
Temporal de fomento ó emprego	3.588	2.849
Relevo	10	10
Prácticas	3.494	3.522
Aprendizaxe	14.550	15.869
Substitución por xubilación ós 64 anos	60	77
Minusválidos centros especiais de emprego	82	71
Tempo parcial	49.430	67.969
TOTAL	71.214	90.367

Acumulados anuais.

Fonte: INEM. Estatística de contratos rexistrados. Sacado do Anuario de Estadísticas do mercado de traballo. IGE.

Contratos temporais de fomento ó emprego segundo duración do contrato*

	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996
Menos de 12 meses	88,0	90,3	90,6	85,4	90,1	87,3	90,7	85,2	94,8	94,1
De 12 a 18 meses	10,3	8,2	8,1	8,0	8,1	11,2	7,2	12,3	3,5	4,4
De 19 a 24 meses	0,4	0,3	0,3	0,3	0,2	0,4	0,4	0,3	0,4	0,6
Máis de 24 meses	1,4	1,2	1,0	6,4	1,6	1,1	1,7	2,3	1,2	0,9
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Porcentaxes.

* Exclúense os contratos correspondentes ás oficinas non integradas na base de datos do MTTS.

Fonte: INEM. Estatística de contratos rexistrados. Sacado do Anuario de Estadísticas do mercado de traballo. IGE.

tratos de duración temporal, de novo o 70% son a tempo parcial, e máis de 18.000 de aprendizaxe ou prácticas.

Dentro dos temporais, case o 90% son de duración inferior a un ano e a práctica totalidade o son por menos dun ano e medio. Esta proporción veu aumentando progresivamente nos últimos anos, nos que se pasou, nos contratos superiores a dous anos, dun 2,5% a un 0,9% do total de contratos.

CONCLUSIÓNS

Como puntos básicos do mercado de traballo en Galicia nestes últimos quince anos podemos cita-los seguintes:

- Obsérvase unha progresiva minoración da **taxa de actividade**, que se estabiliza nos últimos tres anos, plasmada nunha cada vez menor participación masculina e nun pequeno incremento da taxa de actividade feminina.

- Dentro da **poboación ocupada** tan só un 10% ten menos de 25, e case o 18% supera os 55 anos.

- O sector primario perdeu máis de 247.000 postos de traballo dende 1981. Industria, pese á súa positiva evolución recente, tamén reflicte unha perda no número de **ocupados** nos últimos quince anos. O sector servizos, que se presenta como o máis dinamizador do mercado de traballo, incrementou, no mesmo período, a súa poboación ocupada en tan so 116.000 persoas.

- Triplícase a **poboación parada** con respecto a 1981, afectando en maior medida ás mulleres que ós homes.

- O 60% da poboación parada constitúese en **parados de longa duración**. Do total de parados o 25% levan máis de tres anos sen traballo e outro 25% están á procura de novo emprego.

- O **paro xuvenil** sitúase por riba do 35%.

- Construción presenta unha taxa de paro do 22%; Industria, do 11%; e Servizos, do 10,5%.

- O 20% da **poboación inactiva** son estudantes, que se constitúen como poboación potencialmente activa.

- O **paro rexistrado** diminuíu dende 1994, sendo a súa evolución recente favorable naqueles sectores máis conflictivos.

- O número de **ofertas** de emprego e de **colocacións** aumentou considerablemente, pero en menor medida que o número de demandas.

- O tipo de **contratación** máis usual é o contrato temporal inferior a un ano.

- Os contratos indefinidos foron os que menos importancia tiveron dentro dos rexistrados nos últimos anos.

1.3.- Proxeccións de emprego en Galicia

ras unha somera análise do mercado de traballo galego, unha cuestión básica é cuantificar a taxa de crecemento anual da ocupación que se precisa para que ó final da próxima lexislatura a taxa de paro alcance os niveis previstos no plan de emprego. Chegados ó acordo sobre o nivel de ocupación e a taxa de paro que habería que alcanzar, o paso seguinte consistirá en definir os eixes estratéxicos para logralo. A evolución da demografía e das variables do mercado de traballo marcan, inexorablemente, un ritmo de creación de emprego nos diferentes escenarios que estemos dispostos a afrontar.

Nun estudio recentemente publicado ⁽¹⁾ sobre o mercado de traballo galego realízase un exercicio no que fai unhas proxeccións das variables laborais básicas para os períodos 1995-2000 e 1995-2005. Ó parecernos adecuada a súa metodoloxía, en primeiro lugar replicaremos, en parte, aquel exercicio partindo do ano 1996, utilizando as hipóteses que estimamos como máis realistas. Unha vez acadada a cifra de emprego global pasarase a cuantificar a distribución sectorial da mesma.

Para abordar o primeiro dos exercicios, os diversos escenarios estarán condicionados pola evolución de dúas variables: 1.- A poboación en idade de traballar, que practicamente é a comprendida entre 16 e 64 anos. 2.- A taxa de actividade

desta poboación.

As proxeccións de poboación obtéñense a partir dos traballos feitos polo Instituto Galego de Estatística. Das catro variantes que utilizan (alta, media, baixa, moi baixa), considérase como máis plausible a baixa. O citado Instituto indicounos que a proxección da poboación comprendida entre os 16 e 64 anos a 1 de xaneiro do ano 2002 para a variante baixa era de 1.824.621 persoas.

En canto á taxa de actividade caben, tamén, varios escenarios. A taxa actual é do 62%. Non é unha hipótese moi descabelada o considerar que nos vindeiros catro anos esta taxa de actividade manterase nese valor. Tanto a observación da evolución da mesma como os argumentos manexados no traballo antes citado avalan este suposto. Certamente, os grupos de idade máis xove xa teñen unha taxa moi baixa e o posible descenso na taxa de actividade masculina contrarrestaríase pola incorporación da muller a poboación activa. Este sería o escenario básico aínda que non se pode rexeitar a posibilidade de variacións na mesma, xa que a taxa de actividade no mercado de traballo español era do 60,2% en 1995 (cifra moi similar a dos últimos vinte anos) e a taxa de actividade da Unión Europea era, naquel ano, do 67,7% (cifra tamén moi similar a dos últimos vinte anos).

Aínda que en catro anos dificilmente poderían alcanzarse as cifras comunitarias, si é posible un lixeiro incremento na taxa de actividade galega, variación que podería producirse ante a previsible boa marcha da economía, que motivaría ós inactivos a converterse en activos.

Non obstante, para unha maior claridade na exposición, supoñeremos a estabilidade na taxa de actividade en torno ó 62%.

Tendo en conta que a taxa de paro promedio en 1996 foi do 18,6%, a seguinte cuestión consiste en determinar a taxa de paro que debería ter a economía galega ó principio do ano 2002. Un obxectivo moi discreto que aquí non abordaremos pode ser o reducir a taxa de paro en case catro puntos, alcanzando o 15%. Unha posición máis ambiciosa é lograr a actual taxa media comunitaria, que ronda o 11% (no pasado mes de agosto foi do 10,6%). Máis ambicioso aínda sería obter o 7%, taxa proposta pola Comisión Europea ós Estados membros co fin de que estes articulen as políticas de emprego precisas para que no conxunto da UE se xeren, como mínimo, 12 millóns de novos postos de traballo nos vindeiros 5 anos. Por outra banda, esta taxa coincidiría coa que actualmente ten a economía portuguesa (o último dato do mes de setembro sitúaa no 6,7%).

O escenario de referencia para o período citado defínese coas seguintes hipóteses :

- Poboación entre 16 e 64 anos a 1 de xaneiro de 2002: 1.824.621 persoas.
- Taxa de actividade: 62%.
- Taxa de paro: 11% e 7%.

Como media dos catro trimestres, en Galicia en 1996 estaban ocupados (entre 16 e 64 anos) 881.700 traballadores, sendo o número de parados 208.025 persoas.

O volume global de emprego ó final do período, segundo a taxa de paro alcanzada, sería o seguinte:

O obxectivo menos ambicioso implicaría a ocupación de 125.000 persoas máis, aínda que obxectivos máis desexables nos levarían a que a economía creáse 170.000 novos postos de traba-

	11 %	7 %
Paro resultante no ano 2002	124.439	79.188
Emprego resultante no ano 2002	1.006.825	1.052.076
Incremento necesario do emprego	125.126	170.377

llo.

A capacidade de creación de emprego dependerá do dinamismo que experimenten os sectores de actividade. Unha análise máis precisa esixiría un estudio moi desagregado das diferentes ramas económicas. Sen embargo, a visión por grandes sectores marca os trazos básicos que han de seguirse para que se cumpran os anteriores obxectivos.

As peculiaridades do emprego no sector primario é un dos factores estruturais da economía galega máis condicionantes. A previsible dinámica⁽²⁾ da poboación ocupada agraria galega depende da conxunción de factores demográficos e de factores socioeconómicos.

As variables demográficas son unha das chaves básicas para comprender a evolución da poboación ocupada. Obsérvase que:

- O 41,3 % dos ocupados agrarios tiñan a finais de 1996, 55 ou máis anos. En dez anos estes traballadores, por morte ou xubilación, terán abandonado o sector. Por este motivo, o fluxo anual previsto de saída é do 4%.

(2) O prof. López Iglesias estudou a previsible evolución da poboación ocupada agraria. Servímonos das súas hipóteses e dos seus criterios de análise para estimar a evolución da poboación ocupada no sector agrario no período que nos interesa.

- O sector agrario nítrese principalmente cos fillos dos agricultores. Estes delimitan a cifra máxima de entradas. Nos últimos anos, a porcentaxe de entrada foi do 1%, aínda que a caída na fecundidade a partir de 1978 implica que é menor o número de xóves fillos de agricultores que chegan a idade laboral, polo que non se poderá manter esta porcentaxe.

Por estes dous factores demográficos cáculase unha diminución regular na poboación activa agraria de aproximadamente un -3,5% anual, sobre a cifra actual. Tendo en conta que partimos de 184.066 ⁽³⁾ ocupados menores de 65 anos, a evolución prevista sería a seguinte ⁽⁴⁾ :

Por este motivo, a ocupación descendería aproximadamente en 35.400 traballadores.

Anos	Ocupados
1997	177.624
1998	171.406
1999	165.408
2000	159.618
2001	154.032
2002	148.641

Ademais das variables demográficas non se teñen que esquecer os factores socioeconómicos que inciden no transvase de ocupados do sector agrario ata ós outros sectores. Un primeiro factor que facilita o transvase é a baixa renda media por traballador. Un segundo factor, que incide no mesmo senso, é o maior nivel escolar dos fillos dos agricultores, o que facilita a inserción en activida-

des non agrarias. Un terceiro factor que actúa en senso contrario é a propia situación do mercado de traballo galego, que non facilita o transvase.

Cuantifica-lo descenso da poboación ocupada agraria segundo estes factores socioeconómicos é, *a priori*, moi difícil. Este éxodo reduciuse considerablemente nas últimas décadas debido ó peche da emigración exterior e a forte ralentización de creación interna de empregos extra-agrarios. É máis, un dos obxectivos prioritarios dun pacto polo emprego en Galicia sería o de elevar a calidade de vida da poboación agraria, evitando o máximo o seu éxodo. Polo tanto, considerando a perspectiva dunha maior actividade no conxunto da economía, a perda de ocupación cuantificaríase ó redor de 40.000. A tenor desta cifra máxima, a ocupación no sector agrícola-gandeiro a principios do ano 2002 rondaría os 143.000 traballadores entre 16 e 64 anos.

Pola súa banda, a poboación ocupada no sector pesqueiro ven caendo substancialmente nos últimos anos. Para 1996 a EPA estimaba en 32.025 os ocupados (incluíndo os maiores de 65 anos) ⁽⁵⁾ . A alta estacionalidade existente é de tal grao que, de contar con 30.000 ocupados no primeiro trimestre de 1996 pasou, segundo a EPA, a dispor de 34.100 nos meses de verán. Apréciase, por outro lado, como a poboación mariñeira cando queda en paro abandona o mercado de traballo, xa que non permanece na poboación activa. O factor que máis dificulta a creación dos empregos no sector son os novos acordos internacionais de pesca, que obrigan a enrolar tripulación nativa, o que supón perdas de emprego para as tripulacións de orixe galega. O mantemento da ocupación en torno a 30.000 traballadores, entre 16 e 64 anos, será un obxectivo non moi fácil de cumprir.

(3) Hai que ter en conta que a economía galega conta con 29.200 ocupados maiores de 64 anos. Na análise exclúese a estes traballadores, que na súa meirande parte pertencen ó sector agrario. Debido a non dispor da distribución por sectores destes ocupados, asignouse a porcentaxe obtida no Censo de Poboación do ano 1991, correspondéndolle o 65,44% dos ocupados á agricultura e gandería; o 0,66%, ó sector pesqueiro; o 6,28, á industria; o 2,88%, á construción; e, finalmente, o 24,73%, o sector de servizos. Dos 203.175 ocupados do sector agrícola-gandeiro quedarían 184.066 ocupados menores de 65 anos.

(4) No cálculo inclúese o ano 2002. Dado que se utilizan medias trimestrais, a previsión non sería exactamente para o principio do ano.

(5) No sector pesqueiro as cifras de ocupados maiores de 64 anos son irrelevantes. Aplicando a porcentaxe da nota anterior serían 193 traballadores. Estas estatísticas inclúen exclusivamente o sector pesqueiro. Non consideran por tanto nin a industria transformadora nin as actividades de servizos relacionadas coa pesca. Con datos de 1994, o Informe da Mesa Sectorial de Pesca en Galicia cuantificaba o número de empregos que directa ou indirectamente se relacionaban co sector en 119.874.

En definitiva, neste escenario básico, o sector primario ocuparía a 173.000 persoas polo que os restantes sectores terían que ocupar ós traballadores que figuran no cadro seguinte segundo a diferente taxa de paro:

	11 %	7 %
Emprego resultante no secundario e terciario no ano 2002	833.826	879.076
Incremento necesario do emprego no secundario e terciario	168.025	213.275

Para remata-lo exercicio quedaría por asignar este emprego entre as ramas de actividade non primarias. Unha posibilidade é aproximar a estrutura do emprego galego á do conxunto da economía española. No 1996, incluíndo os traballadores maiores de 64 anos, a distribución porcentual era a seguinte:

Mantendo o emprego antes citado no sector primario, e se as restantes actividades se aproxima-

Sectores	Galicia	España
Agricultura e pesca	25,82	8,65
Industria	15,60	20,08
Construcción	10,37	9,45
Servicios	48,22	61,82
Total	100,00	100,00

ran a distribución española, o reparto do emprego en Galicia no ano 2002, segundo a taxa de paro,

debería se-la seguinte:

	11 %	7 %
Emprego resultante no secundario e terciario no ano 2002	833.826	879.076
Industria	183.318	193.267
Construcción	86.234	90.914
Servicios	564.274	594.895
Incremento necesario do emprego no secundario e terciario	168.025	213.275
Industria	42.955	52.904
Construcción	-7.325	-2.645
Servicios	132.395	163.016

Da observación do cadro adxunto apréciase como de seguir a distribución sectorial española, a construción tería que perder emprego, o que non parece moi razoable.

Así, de manter a construción o seu peso en torno ó 11 % e recalculando o emprego na industria e nos servicios, seguindo as pautas da economía española, a situación será a descrita no cadro seguinte:

Así a distribución sectorial do emprego resulta-

ría:	11 %	7 %
Emprego resultante no secundario e terciario no ano 2002	833.826	879.076
Industria	183.318	193.267
Construcción	86.234	90.914
Servicios	564.274	594.895
Incremento necesario do emprego no secundario e terciario	168.025	213.275
Industria	36.943	46.819
Construcción	17.192	22.169
Servicios	113.890	144.287
Taxa anual necesaria de crecemento do emprego no secundario e terciario	4,60	5,71
Industria	4,78	5,93
Construcción	3,43	4,34
Servicios	4,79	5,93

Situación tamén discutible, xa que a perda por-

Sectores	11%	7%
Agricultura	14,20	13,59
Pesca	2,98	2,85
Industria	17,61	17,79
Construcción	11,00	11,00
Servicios	54,21	54,77
Total	100,00	100,00

centual do sector primario absórbese na súa maior parte polo sector de servizos.

1.4.- Evolución do PIB galego

a economía galega presentou ó longo do ano 1996 unha desaceleración no seu crecemento, tanto en comparación co ano 1995 coma co conxunto do Estado español.

Mentres en 1995 amosaba un crecemento superior ó 3%, incremento por riba da media estatal, no ano 1996 non só diminuíu fortemente o seu nivel de PIB, senón que se sitúa case un punto porcentual por baixo de España.

Evolución do PIB (en porcentaxe)

	1993	1994	1995	1996
Galicia	1,2	1,6	3,3	1,8
España	-1,1	2,3	3,2	2,7

Fonte: FIES

Esta situación pode apreciarse se estudiamos a evolución do Valor Engadido Bruto (VEB) nos últimos anos. Así, mentres nos anos 1994 e 1995 as taxas do VEB crecían un 1,6% e un 3,3%, respectivamente, no ano 1996 produciuse unha ralentización, crecendo soamente un 1,8%, debida funda-

mentalmente á caída na actividade no sector da construción.

Neste último ano, as comunidades que máis crecen non son as que presentan un maior desenvolvemento, senón que son Extremadura e as dúas Castelas onde o VEB presenta unhas taxas superiores. A Comunidade galega sitúase nas últimas posicións da táboa, cun crecemento inferior á media estatal e soamente superando a Asturias e Cantabria, ademais de Ceuta e Melilla, e igualada co País Vasco. Esta acusada disparidade no crecemento económico das distintas Comunidades Autónomas débese á diferente estrutura productiva que presentan éstas e ó excepcional crecemento da produción agraria no ano 1996, que afectou con distinta intensidade ás diversas economías autonómicas.

Se analizamos as taxas de crecemento do último trienio vese que Galicia, cun crecemento do 6,81%, é unha das comunidades onde éste é menor, rebasando soamente as taxas de comunidades coma Asturias (inmersa nunha grave crise industrial), Ceuta, Melilla e, circunstancialmente, Madrid.

Se estudiamos agora o VEB por habitante, móstrase que en Galicia produciuse unha deceleración no seu crecemento neste último ano, situándose

Evolución do Valor Engadido Bruto

COMUNIDADES	Millóns de pesetas correntes			Taxa de variación real (%)	
	1994	1995	1996	1996	TRIENIO 1994-96
Andalucía	8.224.641	8.904.666	9.606.998	4,66	10,29
Aragón	2.114.263	2.275.904	2.398.419	2,32	7,31
Asturias	1.586.502	1.697.579	1.749.996	0,46	3,75
Baleares	1.799.339	1.975.877	2.100.655	2,78	15,80
Canarias	2.533.892	2.770.173	2.954.971	3,39	13,41
Cantabria	799.299	866.411	900.730	1,21	6,77
Castela-A Mancha	2.343.540	2.497.264	2.709.588	5,54	7,68
Castela e León	3.878.737	4.164.568	4.440.898	3,82	7,75
Cataluña	12.362.227	13.472.040	14.148.554	1,90	8,03
C. Valenciana	6.490.871	7.016.831	7.378.456	1,93	8,34
Extremadura	1.233.465	1.309.226	1.434.315	6,63	9,86
GALICIA	3.759.954	4.072.999	4.270.960	1,85	6,81
Madrid	10.833.082	11.645.411	12.252.539	1,96	6,00
Murcia	1.416.200	1.528.300	1.614.026	2,60	7,37
Navarra	994.895	1.088.835	1.151.116	2,71	10,41
País Vasco	3.816.765	4.171.103	4.374.958	1,85	8,89
A Rioxa	511.058	561.133	591.485	2,56	9,26
Ceuta	102.588	109.235	114.471	1,58	4,85
Melilla	92.880	98.647	103.494	1,68	4,79
TOTAL	64.894.198	70.226.202	74.296.629	2,68	8,30

Fonte: FIES

Evolución do VEB por habitante (pesetas)

COMUNIDADES	1993	1994	1995	1996
Andalucía	1.097.319	1.166.112	1.257.721	1.352.322
Aragón	1.690.148	1.786.335	1.927.117	2.035.741
Asturias	1.387.263	1.464.389	1.572.971	1.628.053
Baleares	2.219.006	2.441.884	2.655.203	2.797.703
Canarias	1.523.434	1.650.855	1.792.375	1.899.597
Cantabria	1.428.575	1.519.320	1.649.402	1.717.656
Castela-A Mancha	1.342.212	1.415.028	1.509.707	1.640.363
Castela e León	1.463.625	1.548.787	1.672.381	1.794.112
Cataluña	1.916.705	2.029.887	2.210.890	2.321.216
C. Valenciana	1.557.876	1.660.474	1.789.727	1.876.896
Extremadura	1.099.130	1.174.069	1.251.062	1.376.374
GALICIA	1.303.368	1.381.949	1.499.998	1.576.528
Madrid	2.058.183	2.151.749	2.303.614	2.414.537
Murcia	1.255.788	1.323.056	1.419.515	1.490.791
Navarra	1.765.503	1.900.054	2.076.400	2.192.318
País Vasco	1.711.080	1.838.908	2.019.249	2.128.579
A Rioxa	1.811.201	1.939.963	2.132.061	2.249.865
Ceuta	1.430.644	1.489.654	1.578.837	1.646.946
Melilla	1.540.875	1.599.945	1.689.421	1.762.200
TOTAL	1.562.497	1.657.858	1.792.024	1.894.286

Fonte: FIES

nas últimas posicións da táboa e soamente por riba de Murcia, Extremadura e Andalucía. Esta situación provoca que o VEB galego perda peso no conxunto do Estado, pasando do 5,80% no ano 1995 ó 5,75% en 1996, segundo estimacións de FIES.

Galicia non mostra unha converxencia coa media española, xa que en 1993 o VEB por habitante galego representaba o 83,42% da media de tódalas Comunidades Autónomas, mentres que no ano 1996 isa porcentaxe diminuíu ata o 83,23%. A

Evolución do PIB e VEB por habitante en relación á media española e comunitaria

COMUNIDADES	PIB POR HABITANTE MEDIA UE-15=100		VEB POR HABITANTE ESPAÑA=100	
	1993	1996	1993	1996
Andalucía	53,59	54,76	70,23	71,39
Aragón	82,53	82,43	108,17	107,47
Asturias	67,75	65,92	88,79	85,95
Baleares	108,36	113,28	142,02	147,69
Canarias	74,39	76,91	97,50	100,28
Cantabria	69,76	69,55	91,43	90,68
Castela-A Mancha	65,54	66,42	85,90	86,60
Castela e León	71,47	72,64	93,67	94,71
Cataluña	93,60	93,99	122,67	122,54
C. Valenciana	76,07	75,99	99,70	99,08
Extremadura	53,67	55,73	70,34	72,66
GALICIA	63,65	63,84	83,42	83,23
Madrid	100,50	97,76	131,72	127,46
Murcia	61,32	60,36	80,37	78,70
Navarra	86,21	88,76	112,99	115,73
País Vasco	83,56	86,19	109,51	112,37
A Rioxa	88,45	91,10	115,92	118,77
Ceuta	69,86	66,68	91,56	86,94
Melilla	75,25	71,35	98,62	93,03
ESPAÑA	76,30	76,70	100,00	100,00

Fonte: FIES

pesares disto, hai que reseñar o feito positivo da evolución do PIB por habitante galego tomando como referencia a media comunitaria. Así, en 1993, o PIB por habitante de Galicia representaba o 63,65% desta media, mentres que en 1996 este índice ascendeu 19 centésimas para situarse no 63,84%, aínda que un pouco lonxe da media española, situada nun 76,70%.

1.5.- A presión fiscal en España

Se estudiamos os ingresos fiscais obtidos pola aplicación dos distintos impostos atopamos certas singularidades.

Segundo o cadro da páxina seguinte sobre recaudación fiscal, chegaríamos á conclusión de que España é un país cunha presión fiscal media ou por debaixo da media se nos comparamos unicamente cos outros países comunitarios. A recaudación fiscal española, coma porcentaxe do PIB, sitúa o noso país nun posto intermedio, cuns valores por debaixo dos nosos maiores competidores.

O imposto sobre a renda e os beneficios sitúase en España cunha recaudación por debaixo da media comunitaria, na que representa o 14,4% do PIB, e por baixo tamén dos países pertencentes á OCDE. Destes últimos, os países cunha recaudación maior son Nova Zelandia, Suecia e, en moita maior medida, Dinamarca, que acada o 31% do PIB. España atópase entre os países cunha menor recaudación neste imposto, cun 10%, superando unicamente a Portugal, Turquía, Corea, Francia, Grecia, Hungría e México.

Polo que respecta á recaudación da Seguridade Social, España sitúase na media da Unión Europea, cun 12,3% do PIB. E esta unha porcentaxe elevada se se observa a media dos países da OCDE, pero non se a comparamos cos socios

comunitarios. De feito, a maioría deles presenta unhas porcentaxes superiores á nosa, coma son os casos de Francia, cun 19,3%; Países Baixos, cun 18,4%; ou Austria, Alemaña e Bélxica, cun 15,4%.

En canto á evolución nas cotizacións á Seguridade Social, España tivo no ano 1995 un valor do 12,3% do PIB, igual á media comunitaria e cunha progresiva diminución dende o ano 1993.

Sobre as cotizacións á Seguridade Social hase de distinguir entre as que lles corresponden ós asalariados das dos empresarios, tal e como se observan nos cadros das seguintes páxinas.

Os países que presentan unha menor porcentaxe do PIB en canto ás cotizacións ó cargo dos asalariados son Corea, Islandia e, dentro da Unión Europea, Irlanda, cun 1,6%. España, cunha porcentaxe do 2,1% do PIB, atópase por debaixo tanto da media comunitaria como da OCDE e é un dos países comunitarios co valor máis baixo. O valor máis alto ós dous niveis (OCDE e U.E.) é o ostentado polos Países Baixos, co 11,9% do PIB e lonxe de calquera outro país e das dúas medias.

No tocante ás cotizacións ó cargo do empresario, España posiciónase bastante por riba tanto da media comunitaria como da media OCDE, cun

Recadación fiscal (EN PORCENTAXE DO PIB)

	Total	Renda e Bfos.	Segurid. Soc.	Salarios	Patrimonio	Bens e Serv.	Outros
Canadá	37,2	17,1	6,2	-	3,9	9,5	0,5
México	16,0	4,1	2,7	-	-	8,9	0,3
EE.UU.	27,9	12,8	7,0	-	3,1	5,0	-
Australia	30,9	17,1	-	2,1	2,7	9,0	-
Xapón	28,5	10,4	10,4	-	3,3	4,3	0,1
Corea	22,4	7,0	1,8	0,1	3,3	9,5	0,7
Nova Zelandia	38,2	23,1	-	0,4	2,0	12,7	-
Austria	42,3	11,3	15,4	2,8	0,6	11,7	0,5
Bélxica	46,4	17,9	15,4	-	1,1	12,0	-
Rep. Checa	44,4	10,9	18,1	-	0,6	14,7	0,1
Dinamarca	51,3	31,0	1,6	0,2	1,8	16,6	0,1
Finlandia	46,5	18,7	12,8	-	1,1	13,8	0,1
Francia	44,5	7,8	19,3	1,1	2,3	12,2	1,8
Alemaña	39,2	11,8	15,4	-	1,1	10,9	-
Grecia	41,4	9,1	13,9	0,3	1,3	16,8	-
Hungría	39,2	8,8	12,0	0,1	0,5	17,6	0,2
Islandia	31,1	10,6	2,5	-	2,8	15,2	-
Irlanda	33,8	13,2	4,9	0,4	1,5	13,8	-
Italia	41,3	14,5	13,1	0,1	2,3	11,3	-
Luxemburgo	44,0	17,1	11,8	-	3,2	11,9	-
Países Baixos	44,0	11,6	18,4	-	1,8	12,0	0,2
Noruega	41,6	14,6	9,8	-	1,2	16,0	-
Polonia	42,7	13,1	13,0	0,3	1,2	15,0	0,1
Portugal	33,7	8,9	9,1	-	0,8	14,7	0,2
ESPAÑA	33,9	10,0	12,3	-	1,8	9,7	0,1
Suecia	49,8	20,6	14,5	1,1	1,4	12,1	0,1
Suíza	34,0	12,6	12,7	-	2,4	6,3	-
Turquía	22,6	6,4	2,7	-	0,7	8,5	4,3
Reino Unido	35,4	13,0	6,3	-	3,7	12,3	0,1
OCDE TOTAL	37,5	13,3	9,8	0,3	1,9	11,9	0,3
UE 15	41,8	14,4	12,3	0,4	1,7	12,8	0,2

Fonte: OCDE

Cotizacións da Seguridade Social (EN PORCENTAXE DO PIB)

	1965	1970	1975	1980	1985	1990	1992	1993	1994	1995
Canadá	1,4	3,0	3,3	3,3	4,5	5,2	6,0	5,9	6,2	6,2
México				2,3	1,9	2,3	2,6	2,8	3,0	2,7
EE.UU.	3,2	4,4	5,5	5,9	6,6	6,9	7,0	6,9	7,0	7,0
Australia										
Xapón	4,0	4,4	6,1	7,4	8,4	9,1	9,4	9,8	9,8	10,4
Corea			0,1	0,2	0,3	1,0	1,2	1,8	1,7	1,8
Nova Zelandia										
Austria	8,6	9,1	10,7	12,5	13,5	13,5	14,2	14,8	15,2	15,4
Bélxica	9,8	10,9	13,3	13,5	15,3	15,0	15,7	15,9	15,5	15,4
Rep. Checa								18,5	18,9	18,1
Dinamarca	1,6	1,6	0,5	0,8	1,9	1,5	1,5	1,6	1,6	1,6
Finlandia	2,1	2,9	5,7	7,2	7,1	9,9	10,9	12,0	12,6	12,8
Francia	11,8	12,7	15,0	17,8	19,3	19,3	19,4	19,6	19,1	19,3
Alemaña	8,5	10,0	12,2	13,1	13,9	13,7	15,0	15,1	15,4	15,4
Grecia	6,9	7,6	7,5	9,7	12,3	11,4	12,3	13,5	14,2	13,9
Hungría							14,7	14,8	14,1	12,0
Islandia	2,1	2,2	0,8	0,6	0,7	1,0	2,5	2,5	2,5	2,5
Irlanda	1,7	2,6	4,3	4,8	5,4	5,2	5,4	5,4	5,2	4,9
Italia	8,7	9,9	12,0	11,5	12,0	12,9	13,3	13,8	13,0	13,1
Luxemburgo	8,9	8,0	11,5	12,2	12,3	11,8	12,4	12,3	11,8	11,8
Países Baixos	10,1	13,0	16,5	17,2	19,5	16,7	18,2	18,1	18,9	18,4
Noruega	3,5	5,6	9,9	9,0	9,0	11,0	11,0	10,1	10,0	9,8
Polonia							11,3	12,4	12,8	13,0
Portugal	3,5	4,8	7,5	7,5	7,2	8,4	8,5	8,4	8,7	9,1
ESPAÑA	4,2	6,3	9,3	11,7	11,9	12,2	13,0	13,2	13,1	12,3
Suecia	4,2	5,9	8,5	14,1	12,5	15,1	15,0	13,7	13,8	14,5
Suíza	4,7	5,6	8,6	9,5	10,3	10,4	11,0	12,4	12,2	12,7
Turquía	0,6	0,8	1,5	2,5	2,2	3,9	4,6	4,5	3,5	2,7
Reino Unido	4,7	5,1	6,2	5,8	6,8	6,2	6,3	6,0	6,3	6,3
OCDE TOTAL	4,8	5,7	7,1	7,7	8,2	8,6	9,4	9,9	9,9	9,8
UE 15	6,4	7,4	9,4	10,6	11,4	11,5	12,1	12,2	12,3	12,3

Fonte: OCDE

Cotizacións da Seguridade Social a cargo do asalariado (EN PORCENTAXE DO PIB)

	1965	1970	1975	1980	1985	1990	1992	1993	1994	1995
Canadá	0,5	1,3	1,2	1,2	1,5	1,6	2,0	1,9	2,0	2,0
México										
EE.UU.	1,2	1,9	2,3	2,5	2,7	2,9	3,0	2,9	3,0	3,0
Australia										
Xapón	1,3	1,7	2,3	2,6	3,0	3,4	3,6	3,7	3,7	4,1
Corea						0,3	0,3	0,6	0,6	0,6
Nova Zelandia										
Austria	3,8	4,0	4,5	5,1	5,6	5,7	6,1	6,3	6,6	6,6
Bélxica	2,8	3,2	3,8	3,9	5,1	4,8	4,9	5,2	5,1	5,1
Rep. Checa								4,3	4,4	4,3
Dinamarca	1,1	1,2	0,3	0,5	1,0	1,2	1,2	1,3	1,3	1,3
Finlandia		0,2	0,2					1,2	1,8	2,0
Francia	2,3	2,4	3,2	4,6	5,2	5,8	5,9	6,0	5,8	5,9
Alemaña	3,7	4,5	5,4	5,8	6,0	5,9	6,6	6,6	6,7	6,7
Grecia	2,9	3,3	3,1	4,3	5,5	5,2	5,2	6,0	6,5	6,5
Hungría							3,3	3,6	3,1	2,4
Islandia						0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Irlanda	0,8	1,2	1,7	1,6	1,9	1,8	1,9	1,9	1,8	1,6
Italia			2,4	2,1	2,3	2,5	2,6	2,9	2,8	2,8
Luxemburgo	3,3	3,2	4,4	4,8	4,5	4,5	4,8	4,7	4,6	4,7
Países Baixos	5,0	5,7	7,1	7,1	8,7	10,3	11,4	11,3	12,4	11,9
Noruega			2,0	2,1	2,4	3,5	3,5	3,4	3,5	3,4
Polonia										
Portugal	1,4	1,8	2,9	2,8	2,8	3,1	3,2	3,1	3,3	3,4
ESPAÑA	1,0	1,3	1,8	2,6	2,1	2,0	2,0	2,2	2,2	2,1
Suecia	0,6	0,8			0,0					
Suíza	1,5	1,8	2,9	3,2	3,2	3,3	3,4	3,9	3,8	4,1
Turquía	0,3	0,3	0,5	0,9	0,7	1,5	1,8	1,7	1,4	1,1
Reino Unido	2,2	2,3	2,3	2,4	3,1	2,4	2,4	2,3	2,5	2,6
OCDE TOTAL	1,6	1,8	2,2	2,3	2,6	2,8	2,8	3,0	3,1	3,1
UE 15	2,2	2,5	2,9	3,2	3,6	3,7	3,9	4,1	4,3	4,3

Cotizacións da Seguridade Social a cargo do empresario (EN PORCENTAXE DO PIB)

	1965	1970	1975	1980	1985	1990	1992	1993	1994	1995
Canadá	0,9	1,7	2,0	2,1	2,9	3,5	3,9	3,9	4,1	4,1
México										
EE.UU.	1,8	2,3	2,9	3,2	3,6	3,6	3,6	3,6	3,7	3,6
Australia										
Xapón	1,7	2,3	3,2	3,8	4,3	4,7	4,9	5,1	5,0	5,2
Corea			0,1	0,2	0,2	0,7	0,9	1,2	1,1	1,1
Nova Zelandia										
Austria	4,0	4,2	5,2	6,2	6,7	6,7	7,0	7,2	7,3	7,4
Bélxica	6,4	7,0	8,6	8,6	9,0	9,4	9,8	9,7	9,4	9,3
Rep. Checa								11,4	12,1	11,7
Dinamarca	0,5	0,4	0,3	0,3	0,9	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
Finlandia	2,1	2,7	5,5	6,9	6,8	9,4	10,3	10,2	10,2	10,3
Francia	8,7	9,3	10,8	11,9	12,5	11,9	12,0	12,0	11,8	11,9
Alemaña	4,6	5,3	6,6	7,0	7,2	7,0	7,6	7,7	7,8	7,8
Grecia	2,7	3,0	3,1	4,2	5,1	5,1	5,3	5,6	5,9	6,0
Hungría							9,2	8,4	8,3	8,1
Islandia	2,1	2,2	0,8	0,6	0,6	0,9	2,4	2,4	2,4	2,4
Irlanda	0,8	1,4	2,6	3,2	3,4	3,1	3,2	3,3	3,1	3,0
Italia			9,7	8,6	8,6	9,2	9,2	9,1	8,7	8,6
Luxemburgo	5,1	4,3	6,3	6,7	6,0	5,8	6,0	6,0	5,5	5,4
Países Baixos	4,1	6,1	7,6	8,0	7,8	3,3	3,4	3,4	2,7	3,0
Noruega	3,0	4,8	7,4	6,5	6,2	6,9	6,9	6,1	5,9	5,7
Polonia							11,3	12,4	12,8	13,0
Portugal	2,1	3,0	4,5	4,5	4,1	5,0	5,0	5,0	5,0	5,2
ESPAÑA	3,2	5,1	7,5	9,1	8,9	8,8	9,3	9,2	9,0	8,5
Suecia	3,1	4,7	8,0	13,5	11,9	14,5	14,5	12,8	12,5	12,4
Suíza	1,7	1,9	2,9	3,2	3,2	3,2	3,3	3,7	3,7	3,9
Turquía	0,3	0,5	1,0	1,5	1,3	2,2	2,4	2,6	1,9	1,4
Reino Unido	2,3	2,6	3,7	3,4	3,4	3,6	3,7	3,5	3,5	3,4
OCDE TOTAL	2,7	3,3	4,4	4,7	4,8	5,0	5,6	5,7	5,6	5,6
UE 15	3,6	4,2	6,0	6,8	6,8	6,9	7,1	7,0	6,8	6,8

valor do 8,5% do PIB e entre os países cunhas porcentaxes máis altas. Neste contexto, os países con maior cotización ó cargo do empresario son no espacio comunitario, Suecia e Francia, mentres que o de menor valor é Dinamarca. Sobresae tamén o baixo valor de Corea e Turquía.

Se comparamos ámbolos dous cadros, aprécia-se que na maioría dos países a maior carga reside nas cotizacións empresariais, aspecto no que España non é unha excepción, de tal forma que aquí o 8,5% lle corresponde ó empresario e o 2,1% ó traballador. De tódalas formas hai que sinalar catro países, Dinamarca, Grecia, Países Baixos e Suíza, onde a maior cotización lle corresponde ó traballador, a diferenza do observado nos demais.

En resumo, España atópase nunha situación de presión fiscal media en xeral con respecto ós países da OCDE, cunha posición baixa con respecto ós seus socios comunitarios, que nalgún imposto en concreto acada valores moi superiores ó español. O aspecto máis relevante é a cotización empresarial, onde os niveis acadados por España son superiores ás medias comentadas e a súa posición sitúase entre os países cuns valores superiores; aínda que tamén hai que destacar que a tendencia nos últimos anos é a súa diminución, xa que do 9,3% do PIB no ano 1993 pasamos ó 9% no ano 1994 e de aí ó 8,5% no ano 1995, que é o último dato do que se dispón.

1.6.- O gasto da administración autonómica en política de emprego

neste apartado vaise observar, para comezar, a evolución do gasto da administración pública no referente a políticas de emprego no ano 97; logo tratarase máis polo miúdo os distintos programas que a Xunta de Galicia foi desenvolvendo para o emprego e a evolución do gasto que produciron en anos anteriores.

A maioría dos programas de fomento do emprego son levados a cabo na Dirección Xeral de Formación e Emprego, que está incluída na Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Para o ano 97 as partidas de fomento do emprego teñen un presuposto asignado de 6.924.050 miles de pesetas, o que supón un incremento do 8,14% con respecto ó ano anterior. As que están cofinanciadas polo FSE, en cambio, rebaixaron o seu presuposto nun 26,44%, situándose na cantidade de 2.771.824 miles de pesetas.

No referente á formación, os presupostos da partida referida á formación de traballadores en paro destina, segundo o Plan FIP, cerca de 5.000 millóns de pesetas, cun lixeiro incremento de 300 millóns de pesetas sobre o ano pasado. Nesta mesma partida, o presuposto adicado, que se cofinancia co Fondo Social Europeo, sufriu unha baixada que se pode considerar relevante, xa que dos 1.607 millóns dedicados no ano 96 pasouse a 875 millóns no ano 97. Outra partida,

tamén cofinanciada polo FSE, que rebaixou o seu presuposto foi a adicada á formación dos activos, que situou na metade do ano anterior, 50 millóns de pesetas.

Para as axudas á economía social a Administración Autonómica prevé destinar neste ano 97 un presuposto de algo máis de 896 millóns de pesetas. Esta partida incrementa o seu presuposto respecto ó ano anterior en 164 millóns, no que se observa como unha clara aposta polo desenvolvemento deste tipo de empresas. Coa cofinanciación do FSE as denominadas axudas innovadoras á economía social sitúan o seu presuposto para o ano 97 en 75 millóns de pesetas, manténdose invariadas respecto ó ano pasado.

Nos proxectos de iniciativa comunitaria de Ecoemprego, para a cualificación e creación de empregos entre os colectivos con dificultades de acceso ó mercado de traballo por limitacións físicas ou deficiencias, e Galadapt, para adaptar ós traballadores ás transformacións industriais, destínanse uns presupostos de 32 millóns para o de Ecoemprego, e de 144 millóns para o Galadapt.

En ámbolos dous prodúcense aumentos do presuposto no que respecta ó ano anterior, de dous millóns no primeiro e de algo máis de 27 millóns para o segundo proxecto.

Plan de Empleo Xuvenil

I. FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL	Presuposto 1994-1997	IMPACTO
		nº de beneficiarios esperados
a) Plan de formación ocupacional	21.378.276.000	106.800
b) Programa de prácticas en alternancia	704.000.000	12.000
c) Programa de bolseiros	800.000.000	760
d) Programa de orientación profesional	160.000.000	600
e) Plans específicos	3.157.700.000	4.000
II. FOMENTO EMPRESARIAL		
a) Formación e cultura empresarial	40.000.000	
b) Creación e desenvolvemento de empresas	1.300.000.000	
c) ILES e Proxectos piloto de acción rural	360.000.000	360
III. FOMENTO DA CONTRATACIÓN XUVENIL		
a) Axuda á contratación por conta allea	1.322.900.000	2.640
b) Varios	1.800.000.000	12.000
IV. ECONOMÍA SOCIAL		
a) Promoción da economía social, fomento do emprego en cooperativas e promoción do emprego autónomo	3.300.000.000	7.000
b) Titorías para economía social e outros	1.200.000.000	4.520
TOTAL	35.606.876.000	150.920

Fonte: Plan de Empleo Xuvenil

Outras partidas incluídas no fomento do emprego e que cofinancia o FSE son as denominadas contratación de traballadores menores de 25 anos e a contratación de maiores de 25 anos, e que aumentaron o seu presuposto, con respecto ó ano anterior, en 30 millóns o primeiro e en 40 millóns o segundo, situándose no ano 97 en 450 millóns para os menores de 25 anos e en 500 millóns para os maiores de 25 anos.

A Dirección Xeral de Formación e Emprego puxo en funcionamento este ano a axencia autonómica de colocación, denominada Servicio Galego de Colocación, ó que se destinaron uns presupostos para o ano 97 de 185 millóns. Este servicio constitúese como unha ferramenta de loita contra o desemprego e tamén de axuda na planificación e xestión da formación ocupacional, e pode considerase demasiado cedo para coñecer ata que punto se están a levar a cabo estes obxetivos.

Seguindo, en certa forma, as recomendacións do coñecido "Informe Delors", a Administración Autonómica comezou por elaborar un Plan de Empleo Xuvenil no ano 1993 que foi aprobado o 21 de abril do ano 1994, ante o volume de paro

existente neste colectivo. O cadro de programas que se establecían neste Plan comprendía a formación profesional, o fomento empresarial, o desenvolvemento da economía social e outras actuacións complementarias. Este Plan de Empleo Xuvenil é levado a cabo prioritariamente pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude e tamén teñen competencias a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, no que se refire ás bolsas e axudas directas á inversión, a institución encargada é o IGAPE.

O presuposto de gasto que se acordou para este programa dende o ano 1994 ó ano 1997 ascendeu a 35.606,876 millóns de pesetas e foi repartido entre as distintas partidas do xeito que se amosa no cadro desta páxina.

Ademáis de este Plan de Empleo Xuvenil a Xunta de Galicia dispón unha serie de medidas para favorecer a creación de emprego. A evolución do presuposto destas políticas exprésase no seguinte cadro.

No ano 1997 o fomento de emprego ten un presuposto de 6.924.050 miles de pesetas, o que supuxo un incremento do 8,14% respecto ó do ano

Evolución dos presupostos en políticas de emprego

	1994	1995	1996
AXUDAS Á CONTRATACIÓN	421.848.128	975.572.208	1.102.369.056
*Desempregados de difícil inserción	5.150.600	5.850.000	5.100.000
*Cofinanciados polo Fondo Social Europeo	416.697.528	969.722.208	1.097.269.056
FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL	535.205.140	775.000.000	852.000.000
*Fomento do Emprego en Cooperativas e Sociedades Anónimas Laborais	175.769.605	204.967.376	176.647.641
*Promoción do Emprego Autónomo	231.450.767	341.338.980	529.210.152
*Integración Laboral dos Minusválidos	127.984.768	138.567.547	146.142.207
MEDIDAS INNOVADORAS	249.754.360	293.356.477	394.396.293
*Iniciativas locais de emprego e proxectos piloto de acción rural	78.584.000	71.502.477	82.500.000
*Substitución voluntaria dun traballador por xubilación ordinaria	1.400.000	5.600.000	
Contratación de servizos públicos con empresas de economía social constituídas por mozos	44.794.000	201.254.000	264.596.293*
*Bolsas de aprendizaxe	105.876.360		
*Orientación Profesional	19.100.000	25.900.000	183.075.000
*Titoría de Empresas de Economía Social		15.000.000	40.360.000
*Área de Autoemprego			6.940.000
TOTAL	1.026.807.628	2.069.828.685	2.680.263.000

* Incúen tamén o presuposto dos empregos suplementarios

Fonte: Memoria 94, 95 e 96. Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

anterior. En canto as accións de fomento do emprego cofinanciadas co FSE, o gasto previsto alcanza a cantidade de 2.771.824, o que supón un descenso dun 26,44% respecto ó ano 95.

As axudas á contratación que cofinancia a Unión Europea tratan de incorporar ó mercado de traballo, cun contrato indefinido e a xornada completa, a aqueles traballadores desempregados ou tamén que se convirta un contrato temporal en indefinido e a xornada completa. Durante o ano 1996 estas axudas cofinanciadas pola UE beneficiaron a un total de 1.798 contratos, dos que 1.680 procedían de contratos temporais e o resto, 118, foron novos contratos indefinidos.

No fomento da economía social, o presuposto incrementouse nun 37,2% dende o ano 94 ó ano 96. A partida que máis aumentou o gasto (un 32,19% do ano 95 ó ano 96), e que beneficia a máis traballadores (1.758 traballadores, no ano 1996), é a de promoción do emprego autónomo. No que se refire ós traballadores beneficiados polas axudas de integración laboral de minusválidos foron no ano 1996 un total de 438 e os benefi-

ciados polo fomento de emprego en cooperativas e sociedades anónimas laborais foron 417 no mesmo ano.

Nas medidas innovadoras o total de beneficiarios ascendeu a 1.331 traballadores, e de todas as medidas a que destaca por isto é a da Área de Autoemprego, con 632 beneficiados no ano 96. Esta área está creada para ofrecer orientación e o asesoramento necesario ós traballadores que desexen constituir unha nova empresa.

A FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

No referente á formación profesional ocupacional existen, como dixemos, dúas vías: o denominado Plan FIP (Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional) e a cofinanciación do 75% do FSE.

O Plan FIP tivo un presuposto no ano 94 que ascendeu a 5.336.694.965 pesetas e no ano 95 sufriu unha baixada do 6,13%, situándose en 5.028.450.616 pesetas. En cambio, no ano 96 volveuse a aumentar esta partida nun 6,16%, situán-

Presupostos das políticas activas

	1994	1995	1996
PLAN FIP	5.336.694.965	5.028.450.616	5.359.099.929
Contratos-programas	1.813.609.475	1.744.040.000	1.694.569.225
Convenios con entidades locais	1.780.548.248	1.473.164.655	1.358.551.898
Convenios con outras organiz. empres., sindicatos e asoc. sen ánimo de lucro	1.218.449.442	1.126.769.100	1.357.497.532
Centros colaboradores homologados	230.166.630	204.143.075	314.673.375
Programación Propia	293.921.170	321.847.971	476.835.300
FSE	1.933.891.424	1.795.445.727	1.432.095.770
Convenios	398.995.484	285.410.925	274.375.400
Programación provincial	1.534.895.940	1.510.034.802	1.150.720.370

dose así nun nivel algo superior ó que tiña en 1994. Todos os programas incluídos neste Plan tiveron nestes anos unha evolución irregular, con baixadas no ano 95 e recuperacións no ano 96. O programa cun orzamento máis alto correspóndelle ós chamados Contratos-Programas, que son convenios con axentes sociáis para impartir cursos de formación. Pola importancia do gasto séguelles o programa de Convenios con Entidades Locais, no que os centros colaboradores son os concellos, as mancomunidades e as deputacións provinciais para impartir os cursos.

No cadro que aparece nesta páxina pódense observar estes gastos e a súa evolución nos últimos anos, desglosado por convenios.

A formación profesional cofinanciada co FSE veu reducido o seu presuposto nun 35% dende o ano 94 ó ano 96 e, dentro desta, a programación provincial, que é a máis importante, reduciu o seu presuposto nun 1,6% do ano 94 ó ano 95 e para o ano 96 a rebaixa foi máis importante, dun 31,2%, respecto ó ano anterior.

Os cursos impartidos polo Plan FIP foron aumentando nestes últimos anos aínda que ante a súa coantía, lóxicamente, o ritmo foi bastante lento. No ano 1994 programáronse 1.231 cursos, ós que acudiron 18.485 alumnos. No ano 1995 os cursos impartidos foron 1.241 e o número de alumnos foi de 18.630. No ano 1996 o número de cursos ascendeu a 1.312 e os beneficiarios dos mesmos foron 19.680 alumnos. En cambio os cursos cofinanciados polo FSE van diminuíndo cada ano. No


ano 94 os cursos impartidos por esta vía foron 734, beneficiando a 11.010 alumnos; no ano 95 impartíronse 688 cursos cun total de 10.320 alumnos; e, por último, no ano 96 o número de cursos ascendeu a 629 e os alumnos foron 9.435.

No Plan FIP, para o ano 1996, a rama que tivo maior número de alumnos foi a de Administración e Oficinas, con 2.925 alumnos. Vai seguida logo da rama de Técnicas Empresariais con 2.760 alumnos, a de Construcción e Informática tiveron, respectivamente, 1.710 e 1.365 alumnos. Outras ramas con elevado número de alumnos foron as de Confección Industrial, Electricidade, Enfermería, Servicios á Comunidade, Madeira, Idiomas...

O gasto por alumno, no Plan FIP, resulta de 272.312 ptas como media e os cursos que máis gastan por alumno son os de Madeira, cun gasto de 508.017 ptas/alumno, o de Construcción, con 419.883 ptas/alumno, o de Soldadura, con 412.694 ptas/alumno, e o de Comunicación, cun gasto por alumno de 391.940 pesetas.

Dentro do Plan do FSE, no ano 1996, parecen ter un peso importante os cursos nas ramas de Gandería, Horticultura, Industria Agroalimentaria, Orzamentos e Xardinería, que suman un total de 1.440 alumnos. Pero as que siguen tendo máis alumnos son a de Técnicas Empresarias e a de Administración e Oficinas, con 1.035 e 720 alumnos, respectivamente.

Nestes cursos impartidos coa cofinanciación do FSE, o gasto medio que se realiza por alumno é de

Evolución do presuposto do INEM**Evolución do presuposto do INEM**

	Miles de millóns	% de variación anual
1985	783,2	28
1986	872,5	11,4
1987	980,5	12,4
1988	1.085,0	10,7
1989	1.219,3	12,4
1990	1.418,2	16,3
1991	1.752,6	23,6
1992	1.988,8	13,5
1993	2.285,0	14,9
1994	2.137,6	-6,5
1995	1.810,0	-15,3
1996	1.890,0	0,04
1997	1.905,7	0,01

Fonte: Presupostos Xerais do Estado

151.785 ptas. Os cursos cun custo máis alto por alumno son os de: Construcción, cun gasto de 218.095 ptas/alumno, o de Cultivos Extensivos, cun gasto por alumno de 193.075 ptas, seguido do de Comunicaci3ns, cun gasto de 190.938 ptas/alumno, e o de Delineaci3n, cun gasto por alumno de 184.237 pesetas.

T3dolos cursos impartidos tanto polo Plan FIP como os do FSE teñen que estar incluídos no ficheiro de especialidades homologadas polo INEM, que 3 o que establece as "familias profesionais" que antes se nomearon.

A pesar das cr3ticas que suscita a realizaci3n de este "esfuerzo" educativo, a porcentaxe de gasto p3blico sobre PIB en Galicia est3 a un nivel m3is baixo que a media dos pa3ses de OCDE. Outra cuesti3n diferente 3 o grao de eficacia destes cursos. Ou sexa, adem3is da necesidade de aumentar os recursos p3blicos destinados 3 educaci3n, para o beneficio tanto dos traballadores, coma das empresas e da poboaci3n en xeral, tam3n 3 necesario que estes recursos estean ben xestionados e que se dediquen, no que respecta 3 formaci3n ocupacional, a esas novas t3cnicas que est3n a xurdir e que sup3ñen maior posibilidade de integraci3n no mercado de traballo para aqueles traballadores que est3n en paro. T3dalas axudas que se ofrezcan dende os poderes p3blicos para a creaci3n de emprego deben ir seguidas dun estudio profundo,

para coñecer en primeiro lugar se est3n creando emprego e se ese emprego se pode considerar ou non estable.

AS POL3TICAS PASIVAS

As pol3ticas pasivas, aquelas destinadas a garantir unha renda 3s persoas que estiveron traballando e que non teñen posibilidade de ter rendas salariais, est3n xestionadas, como xa se sabe, a nivel estatal, a trav3s do INEM. Este organismo enc3rgase do recoñecemento e do pago das prestaci3ns por desemprego e a s3a xesti3n econ3mica 3 competencia do Estado e non est3 transferida 3s comunidades aut3nomas.

Do presuposto do INEM, aproximadamente o 80% 3 o que se destina 3 pago das prestaci3ns 3s desempregados, o cal ascende no ano 1997 a 1.521.000 mill3ns de pesetas. Este gasto en prestaci3ns por desemprego descendeu nun 6% respecto 3 do ano 96.

A aportaci3n do Estado 3 desemprego sit3ase no ano 97 en 142.000 mill3ns de pesetas, cun descenso do 45% respecto 3 ano anterior. Esta aportaci3n tivo unha evoluci3n descendente nos 3ltimos anos. A aportaci3n estatal baixou dende os 1.471.176 mill3ns de pesetas do ano 1993 ata os citados anteriormente no ano 97. Neste ano 1993 a aportaci3n inicial foi de 554.902 mill3ns de pese-

Beneficiarios de prestacións por desemprego				
	Asistencias económicas	Desemprego parcial	Desemprego total	Taxa de cobertura bruta
1990	41.788	7	28.554	39,1
1991	49.025	153	34.894	47,0
1992	56.853	252	39.653	54,1
1993	68.316	116	44.200	58,9
1994	61.784	52	39.971	51,3
1995	47.927	19	36.256	45,0
1996	43.894	13	36.214	45,6

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Taxa de cobertura bruta= (Beneficiarios de prestacións por desemprego total e asistencias económicas / paro rexistrado) x 100

tas, pero houbo logo créditos extraordinarios, que ascenderon a 916.274 millóns, destinados ás insuficiencias de anos anteriores.

O sistema de protección ó desempregado estase a ver afectado polas restriccións presupostarias que se están a dar nos últimos anos para a redución do déficit público.

Tamén é interesante o feito de que no seo da OCDE, España é dun países que gasta máis en políticas pasivas, un 3,3% sobre o PIB e un dos que menos gasta en políticas activas. Elo é totalmente razoable se se considera a actual taxa de desemprego.

As prestacións por desemprego teñen un papel anticíclico, aumentan cando a economía está a sufrir unha crise e diminúen cando a economía se está a recuperar. Pódese observar claramente na taxa de cobertura dos anos 1992 e 1993 que aumentou de modo moi notorio, no primeiro ano en Galicia aumentou en 7 puntos respecto ó ano 1991 e no 93 volveu a aumentar en case cinco puntos respecto ó ano anterior.

Nestes anos, debido á presión deste gasto sobre o presuposto, tomáronse medidas para reducir a cuantía da prestación recibida e a duración da mesma.

En Galicia a taxa de cobertura representaba en 1996 un 45,6%, o que supón case cinco puntos menos que a taxa estatal, que para dito ano foi dun 50,5%. Isto indícanos que en Galicia máis da metade dos parados rexistrados non perciben ningún tipo de prestación.